

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### XEFATURA DO ESTADO

**5773** *Lei 5/2021, do 12 de abril, pola que se modifica o texto refundido da Lei de sociedades de capital, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2010, do 2 de xullo, e outras normas financeiras, no que respecta ao fomento da implicación a longo prazo dos accionistas nas sociedades cotizadas.*

FELIPE VI

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei:

#### PREÁMBULO

I

Esta lei ten por obxecto traspor ao ordenamento xurídico español a Directiva (UE) 2017/828 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de maio de 2017, pola que se modifica a Directiva 2007/36/CE no que respecta ao fomento da implicación a longo prazo dos accionistas nas sociedades cotizadas.

A Directiva foi aprobada tras case cinco anos de negociacións entre as institucións europeas, o que demostra a relevancia dalgunhas das novidades que incorpora. O seu obxectivo último é, como indica o seu propio título, que os accionistas participen máis a longo prazo nas sociedades cotizadas en que invisten. O Plan de acción da Comisión de 2012, titulado «Dereito de sociedades europeo e goberno corporativo –un marco xurídico moderno para unha maior participación dos accionistas e a viabilidade das empresas», e do que deriva este acto legislativo, afirmaba que «un compromiso dos accionistas eficaz e sustentable é unha das pedras angulares do modelo de goberno corporativo das sociedades cotizadas, que depende, entre outras cousas, de mecanismos internos de control e equilibrio entre os distintos órganos e partes interesadas. Se, por exemplo, a maioría dos accionistas mantén unha actitude pasiva, non busca a interacción coa empresa e non exerce o seu dereito de voto, o funcionamento do sistema de goberno corporativo actual é menos eficaz».

Ese mesmo Plan de acción da Comisión agrega que «o interese dos traballadores na viabilidade da súa empresa é un aspecto que debe considerarse ao deseñarse calquera marco de goberno corporativo adecuado (...) A investigación realizada na elaboración do Libro verde de 2011 e as respostas a este indican que os sistemas de participación dos traballadores no capital poderían desempeñar un importante papel no aumento da proporción de accionistas cunha visión a longo prazo».

En efecto, as estratexias de investimento de curto prazo tenden a afectar negativamente o potencial desenvolvemento sustentable das sociedades cotizadas. Por un lado, a presión por xerar e distribuír beneficios financeiros no curto ou mesmo moi curto prazo presiona as direccións das empresas cotizadas a se centraren en exceso nos resultados financeiros trimestrais. Ao centrárense fundamentalmente en maximizar os resultados financeiros no curto ou moi curto prazo, as sociedades cotizadas adoptan en numerosas ocasións estratexias corporativas que só perseguen revalorizar as súas accións o antes posible. Algunhas medidas, como son os programas de recompra de accións ou reestruturacións societarias, xeran beneficios financeiros efémeros que, non obstante, poden hipotecar o futuro sustentable da sociedade cotizada e dos seus accionistas, traballadores, acredores e clientes, prexudicando así a sustentabilidade da empresa. Certamente, aquelas

sociedades cotizadas cunha base accionarial orientada maioritariamente ao rendemento no curto prazo teñen incentivos para detraer recursos para o investimento produtivo no longo prazo, o cal contribuiría a mellorar a sustentabilidade e rendibilidade futura das ditas sociedades cotizadas. Diversos estudos demostran que as sociedades cotizadas que buscan maximizar os seus resultados no curto prazo acostuman investir menos en I+D+i. Este menor investimento ten, pola súa vez, repercusión no desenvolvemento futuro da compañía ao lastrar a súa capacidade de adaptación ao mercado, competitividade, posición nos mercados internacionais, etc.

Outro potencial efecto adverso das estratexias de investimento a curto prazo é que inflúen en que a sociedade cotizada se centre esencialmente no rendemento financeiro en beneficio exclusivo dos seus accionistas. Os demais obxectivos non financeiros da sociedade cotizada e os intereses doutros grupos de interese, e moi especialmente dos seus traballadores, pasan, así, a un segundo plano da estratexia corporativa. Polo contrario, as estratexias de investimento a longo prazo integran de forma natural outros obxectivos non financeiros, como o benestar dos traballadores e a protección do ambiente, garantindo a sustentabilidade das empresas no longo prazo. E é que aquelas empresas viables na sociedade e no ambiente son tamén máis sustentables economicamente a medio e longo prazo. O mesmo obxectivo ten a recente Lei 11/2018, do 28 de decembro, pola que se modifican o Código de comercio, o texto refundido da Lei de sociedades de capital e a Lei de auditoría de contas, en materia de información non financeira e diversidade.

Este tipo de comportamentos de curto prazo nas empresas cotizadas tamén pode ter un efecto agregado moi prexudicial sobre o conxunto da economía e da sociedade. En efecto, segundo numerosos estudos, as políticas de investimento de curto prazo non só afectan a sustentabilidade e rendibilidade das empresas individualmente consideradas, senón que tamén poden xerar riscos relevantes para a estabilidade dos mercados de capitais e a economía. Este denominado «capitalismo trimestral» (en referencia á presión por maximizar os resultados financeiros en cada un dos informes financeiros trimestrais) ten efectos sobre o crecemento económico, o emprego e a produtividade do capital. A crise financeira de 2008 produciuse, entre outros factores, como o resultado dunha visión a curto prazo da economía. O modelo de crecemento anterior á crise, ao estar baseado na necesidade de xerar beneficios no curto prazo, orixinou un modelo de negocio arriscado e excesivamente apañado.

Este diagnóstico recóllese expresamente na propia Directiva, ao afirmar nos seus considerandos que «a crise financeira puxo de manifesto que, en moitos casos, os accionistas apoiaron unha asunción excesiva de riscos a curto prazo por parte dos xestores. Ademais, existen probas claras de que o nivel actual de «seguimento» das sociedades en que se inviste e de implicación dos investidores institucionais e os xestores de activos a miúdo é inadecuado e céntrase demasiado nunha rendibilidade a curto prazo, o que pode dar lugar a unha xestión e a un rendemento empresarial que disten de ser óptimos. (...) A implicación efectiva e sustentable dos accionistas é unha das pedras angulares do modelo de goberno corporativo das sociedades cotizadas, que depende do sistema de control e equilibrio entre os distintos órganos e as distintas persoas interesadas. Unha maior implicación dos accionistas no goberno corporativo constitúe un dos instrumentos que poden contribuír a mellorar o rendemento financeiro e non financeiro desas sociedades, tamén polo que se refire a factores ambientais, sociais e de xestión, en particular como os que se mencionan nos principios de investimento responsable que as Nacións Unidas sosteñen. Ademais, unha maior implicación por parte de todos os interesados, en particular os traballadores, no goberno corporativo constitúe un factor importante á hora de garantir un enfoque máis a longo prazo por parte das sociedades cotizadas, que debe ser fomentado e tido en conta.»

A mesma conclusión compártena tamén diversas instancias internacionais como a OCDE e o G20 a través dos principios de goberno corporativo de 2015, que recoñecen o fomento dos investimentos a longo prazo como un dos obxectivos do goberno corporativo, ou a Organización de Nacións Unidas a través dos citados Principios para o investimento

responsable, que afirman que un sistema economicamente eficiente e financeiramente sustentable a escala global recompensará a longo prazo o investimento responsable e beneficiará o ambiente e a sociedade no seu conxunto.

Así mesmo, un informe recente da Autoridade Europea de Valores e Mercados (ESMA) destacou a relación que existe entre os investimentos a longo prazo e a sustentabilidade social e ambiental das empresas. Segundo este «Informe sobre as presións a curto prazo indebidas sobre as empresas» (*Undue short-term pressure on corporations*), do 18 de decembro de 2019, o investimento a longo prazo acostuma ter máis en conta elementos e obxectivos relacionados coa sustentabilidade. En efecto, segundo a ESMA, os obxectivos de sustentabilidade social e ambiental están moi relacionados cos investimentos a longo prazo. En consecuencia, a xestión adecuada dos riscos sociais e ambientais está aliñada cos obxectivos dos investidores a longo prazo. Por esta razón, a ESMA opina que a política de implicación a longo prazo das sociedades xestoras e das empresas de servizos de investimento debería tamén recoller indicadores ambientais, sustentables e de gobernanza.

Igualmente, o Foro Económico de Davos, na súa quincuaxésima celebración, aprobou nas súas conclusións finais un conxunto de principios éticos para guiar as empresas na era da Cuarta Revolución Industrial, para avanzar cara a un capitalismo onde o obxectivo das empresas vaia máis alá do beneficio e xere valor para todos os seus grupos de interese. Sobre a base de que unha empresa é algo máis que unha unidade económica xeradora de riqueza e atende as aspiracións humanas e sociais no marco do sistema social no seu conxunto, destaca que o rendemento non debe medirse tan só como os beneficios dos accionistas, senón tamén en relación co cumprimento dos obxectivos ambientais e sociais.

Por tanto, os efectos da Directiva para o fomento da implicación a longo prazo dos accionistas claramente transcenden o ámbito propio do goberno corporativo e a rendibilidade empresarial, e poden ter un impacto positivo na economía e a sociedade no seu conxunto.

## II

A transposición da Directiva ao ordenamento xurídico español achegará melloras no ámbito do goberno corporativo das sociedades cotizadas en España. Hai que ter en conta que o noso modelo é, na actualidade, un dos máis recoñecidos a nivel internacional. Estas melloras xiran arredor de dous eixes: por unha parte, mellorar o financiamento a longo prazo que reciben as sociedades cotizadas a través dos mercados de capitais, e por outra parte, aumentar a transparencia na actuación dos axentes do mercado de capitais e en relación coas remuneracións dos conselleiros ou a realización de operacións entre a sociedade e as súas partes vinculadas.

Para isto, tómanse como punto de partida as recentes reformas que se levaron a cabo nos últimos anos nesta materia en España e que situaron os estándares nacionais ao máis alto nivel de cumprimento dos Principios internacionais de bo goberno, en comparación con outros países. Estas reformas foron propostas pola Comisión de expertos en materia de goberno corporativo e plasmáronse fundamentalmente na Lei 31/2014, do 3 de decembro, pola que se modifica a Lei de sociedades de capital para a mellora do goberno corporativo. A aplicación da antedita lei foi, con carácter xeral, satisfactoria, polo que a transposición da Directiva parte deste marco xurídico na medida do posible. Ademais, a seguridade xurídica e a estabilidade da normativa mercantil son principios e valores que deben preservarse, evitando modificacións legislativas innecesarias e frecuentes, para aumentar a certeza xurídica, reforzar a confianza de todos os axentes e facilitar, así, investimentos produtivos a longo prazo nas sociedades cotizadas españolas. Así mesmo, algunhas das solucións recollidas na Directiva, como é a aprobación da política de remuneracións dos conselleiros polos accionistas, xa foron reguladas na citada Lei 31/2014 con maior nivel de exixencia que na Directiva aquí trasposta.

## III

Esta lei incorpora como novidades as disposicións da Directiva sobre a política de transparencia dos investidores institucionais, os xestores de activos e os asesores de voto.

Con esta finalidade, esta lei modifica a Lei 35/2003, do 4 de novembro, de institucións de investimento colectivo, e a Lei 22/2014, do 12 de novembro, pola que se regulan as entidades de capital risco, outras entidades de investimento colectivo de tipo cerrado e as sociedades xestoras de entidades de investimento colectivo de tipo cerrado, e pola que se modifica a Lei 35/2003, do 4 de novembro, de institucións de investimento colectivo. A modificación legal ten por obxecto obrigar as sociedades xestoras destas institucións e entidades a elaborar e publicar unha política de implicación. Esta política debe explicar, entre outros aspectos, como integran a implicación dos accionistas na súa política de investimento e como exerceron, se for o caso, os dereitos de voto nas xuntas xerais de accionistas das sociedades en que invisten, en especial nas votacións máis importantes e, se for o caso, o recurso aos servizos de asesores de voto.

Dado que a Directiva 2017/828 inclúe entre os xestores de activos as empresas de servizos de investimento que proporcionen servizos de xestión de carteira a investidores, cómpre modificar o texto refundido da Lei do mercado de valores, aprobado polo Real decreto legislativo 4/2015, do 23 de outubro, para prever esta obrigación das empresas de servizos de investimento, de maneira análoga ao que se establece para as sociedades xestoras de institucións de investimento colectivo.

É certo que a normativa até agora vixente xa incluía algunhas obrigacións de información similares, ben que de forma fragmentada. Non obstante, a Directiva é máis exhaustiva e aplícase a diversos tipos de investidores institucionais, o que fai necesario a modificación do réxime xurídico vixente.

Outra obrigación relacionada con esta e que incorpora a lei é a que se impón aos xestores de activos para cos investidores institucionais cuxos activos xestionen. Coa reforma legal deberán pór anualmente en coñecemento das entidades con que conclúsen estes acordos de xestión de activos, entre outros aspectos, a forma en que a súa estratexia de investimento e a súa aplicación se axustan ao dito acordo e contribúen ao rendemento a medio e longo prazo dos activos, entre outros aspectos.

#### IV

En segundo lugar, a Directiva recoñece expresamente o dereito das sociedades a identificar os seus accionistas, coa finalidade de permitir unha comunicación directa con eles para facilitarlles o exercicio dos seus dereitos e a súa implicación na sociedade. O noso réxime legal de sociedades recoñece este dereito tamén ás sociedades respecto de todos os seus accionistas, sen exixir que só poidan ser identificados os accionistas que teñan unha participación accionarial mínima. O carácter anónimo dos socios das sociedades anónimas repútase respecto de terceiros como consecuencia do carácter capitalista e non personalista da sociedade e do privilexio da limitación da responsabilidade unicamente ao capital achegado, pero non é consubstancialmente aplicable no plano interno. Por isto, a lei mantén este dereito en favor das sociedades sen limitación, malia que a Directiva permite aos Estados membros regular que só se poidan identificar os accionistas que posúan máis dunha determinada porcentaxe de accións ou de dereitos de voto, que non poderá exceder o 0,5 %.

A respecto disto, esta lei si modifica un aspecto importante deste dereito; así, o artigo 497 do texto refundido da Lei de sociedades de capital, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2010, do 2 de xullo, recoñece o dereito a identificar os accionistas, entendendo por tales nas sociedades cuxas accións están representadas mediante anotacións na conta as persoas que aparecen lexitimadas nos asentos do rexistro contable, conforme o previsto no artigo 13 do texto refundido da Lei do mercado de valores, aprobado polo Real decreto legislativo 4/2015, do 23 de outubro. A peculiaridade dos mercados regulados en España, como é a bolsa de valores, é que son sistemas de tenza indirecta de accións e de dobre chanzo. Derivado de todo o anterior, non é infrecuente que o accionista formal recoñecido no rexistro non se corresponda co beneficiario real último dos dereitos económicos e políticos asociados ás ditas accións. Este é o caso, por exemplo, dos investidores finais que non dispoñen dunha conta como entidade participante no depositario central de valores e que adquiren accións a través das entidades financeiras

intermediarias. Nestes casos, a entidade intermediaria actúa en nome propio pero por conta deses investidores, que son os seus clientes, e que soportan o risco do investimento. Esta situación xa era expresamente recoñecida polo texto refundido da Lei de sociedades de capital, cuxo artigo 524 permite que, nestes casos, o intermediario financeiro poida exercer o seu dereito de voto nunha sociedade de maneira fraccionada ou diverxente en representación dos diversos titulares indirectos das accións.

A Directiva recoñece o dereito a identificar os accionistas reais coa finalidade de que se encontren en mellores condicións de exercer os seus dereitos, para o que establece os mecanismos que permitan ás sociedades identificar os beneficiarios últimos, por canto a finalidade da Directiva non é alterar o réxime xurídico de tenza de valores que exista en cada Estado membro.

Á vista de todo o anterior, esta lei adopta unha solución intermedia e equilibrada para facer efectivo este dereito. Por un lado, recoñece o dereito das sociedades a identificar non só os accionistas formais, senón tamén os beneficiarios últimos. E en segundo lugar, mantén expresamente inalterado o sistema español vixente na actualidade de rexistro de valores. Finalmente, a lei habilita directa e excepcionalmente a persoa titular do Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital para desenvolver mediante regulamento outros aspectos técnicos e formais necesarios en relación coa identificación dos accionistas e dos beneficiarios últimos, unha habilitación xustificada polo carácter eminentemente técnico e pola dificultade de dar resposta na lei aos problemas técnicos e operativos que se poidan pór de manifesto coa aplicación práctica destas innovadoras disposicións, cumprindo así coas exixencias recollidas no artigo 129.4 da Lei do procedemento administrativo común.

## V

En terceiro lugar, a Directiva ocúpase tamén dos asesores de voto, tamén denominados *proxy advisors*, que adquiriron unha grande importancia no funcionamento das xuntas xerais de accionistas das sociedades cotizadas nos últimos anos. Estas entidades de asesoramento profesional aos investidores para exercer os seus dereitos de voto nas xuntas xerais de accionistas son reguladas por primeira vez nun acto da Unión Europea. Cada vez un maior número de investidores contrata os servizos destes profesionais para determinar como exercer os dereitos de voto asociados aos seus investimentos. A súa crecente importancia débese, entre outros factores, á obrigaón de que os investidores institucionais exerzan diligentemente os dereitos económicos e políticos asociados aos seus investimentos. En España, o informe Olivencia de 1998 xa recomendaba aos investidores institucionais que exercesen de forma activa os dereitos políticos nas sociedades cotizadas cuxas accións posúen e que informasen os seus partícipes e investidores finais dos criterios xerais que, se for o caso, seguisen ao exercer tales dereitos.

A importancia crecente dos asesores de voto e os potenciais conflitos de interese en que poden incurrir recomenda a súa regulación a nivel europeo. En España, a súa regulación podería realizarse a través da modificación de diversas leis, xa sexa en sede de normativa societaria, de investimento colectivo ou do mercado de valores. Non obstante, parece máis apropiado que a reforma legal se aborde no texto refundido de Lei do mercado de valores, xa que as obrigaóns que se lles impoñen son de transparencia e non innovan o contrato de sociedade, e a información básica de que se serven para elaborar as súas recomendacións é a información periódica regulada, así mesmo, na dita lei.

## VI

En cuarto lugar, o dereito dos accionistas a pronunciárense sobre as remuneracións dos administradores (*say on pay*) foi unha das novidades máis importantes no goberno corporativo a nivel internacional dos últimos anos. En 2002, Reino Unido obrigou as compañías cotizadas británicas a publicar un informe anual de remuneracións e a sometelo a voto consultivo da xunta xeral. Desde entón, este dereito introduciuse, con distintas



variacións, en diversas xurisdicións, notablemente nos Estados Unidos e, desde 2014, tamén en España.

A Directiva estende agora este mecanismo a toda a Unión Europea, pero dotándoo da suficiente flexibilidade como para «respectar a diversidade dos sistemas de goberno corporativo existentes na Unión, que son reflexo dos diferentes puntos de vista dos Estados membros sobre o papel das sociedades e dos órganos responsables de determinar a política de remuneración e a remuneración específica de cada administrador». Así por exemplo, a Directiva permite aos Estados membros regular que a política de remuneración poida estar vixente até catro anos antes de ser aprobada pola xunta xeral de accionistas, ou que o voto desta teña meramente efectos consultivos.

A regulación nacional vixente até agora é máis exixente que a Directiva, establece un prazo de tres anos e configura o voto da xunta xeral de accionistas como vinculante. A aplicación deste réxime foi positiva desde o punto de vista da maioría das sociedades cotizadas, investidores e axentes financeiros, polo que esta lei mantén este réxime inalterado nos seus elementos principais e introduce algunha modificación de certa relevancia no informe anual de remuneracións, cuxo contido pasa a ser máis detallado como consecuencia da transposición da Directiva. En consecuencia, tamén se modifica a Lei 22/2015, do 20 de xullo, de auditoría de contas, para adaptala á Directiva e traspasar a disposición segundo a cal o auditor legal ou a entidade auditora se asegurará de que se facilitou o informe anual de remuneracións.

## VII

En quinto lugar, a regulación das operacións vinculadas é, sen lugar a dúbidas, unha das cuestións máis importantes da Directiva. Ben que é certo que o texto refundido da Lei de sociedades de capital xa as regulaba, cómpre introducir determinadas novidades derivadas da Directiva, aplicables ás sociedades cotizadas, e dotar este réxime xurídico de maior claridade e sistematicidade.

Optouse por manter o réxime xeral aplicable ao conxunto das sociedades de capital (inclusive as sociedades cotizadas), e que se articula arredor do conflito de interese e o réxime de dispensa. As modificacións introducidas versan sobre as especialidades que deben terse en conta nas operacións vinculadas das sociedades cotizadas, coa finalidade de garantir que se axustan ao disposto pola Directiva e de ganar en coherencia interna e mellorar a sistemática. Para estes efectos, introdúcese no título XIV, dedicado ás sociedades anónimas cotizadas, un novo capítulo VII bis enteiramente dedicado ao réxime de operacións vinculadas.

A primeira novidade importante é a adaptación da definición de operación vinculada á recollida nas Normas internacionais de información financeira (NIIF) aprobadas de conformidade co Regulamento (CE) n.º 1606/2002 do Parlamento Europeo e do Consello, do 19 de xullo de 2002, relativo á aplicación de normas internacionais de contabilidade, tal e como exige a Directiva. Esta definición encóntrase, na actualidade, na NIIF 24 do Regulamento (CE) n.º 1126/2008 da Comisión, do 3 de novembro de 2008, polo que se adoptan determinadas normas internacionais de contabilidade de conformidade co Regulamento (CE) n.º 1606/2002 do Parlamento Europeo e do Consello. Na súa redacción vixente, a dita NIIF 24 ocúpase das informacións que se deben revelar sobre partes vinculadas, e a súa norma 9 define «parte vinculada» por relación, entre outros factores, a aquela persoa ou entidade que teña unha influencia significativa sobre a entidade. A NIIF 28 define, pola súa vez, na súa norma 5 o concepto de influencia significativa.

Por outro lado, á vista do contido material da dita NIIF 24, é preciso, por ineludibles exixencias de coherencia sistemática, reformar a letra d) do artigo 231.1 para ampliar o seu perímetro. É certo que as previsións en materia de sociedades cotizadas non teñen por que coincidir ao pé da letra coas establecidas na parte xeral, entre outros motivos porque esta define as «persoas vinculadas aos administradores» e a Directiva ocúpase das «partes vinculadas á sociedade cotizada» e por referencia a unha normativa contable, como son as normas internacionais de contabilidade, só aplicables a estas. Non obstante, no plano material, resulta altamente conveniente aproximar

substantivamente ambos os tratamentos para evitar contradicións de valoración dificilmente xustificables. A doutrina está de acordo, polo demais, na necesidade de ampliar o espectro de persoas vinculadas recollidas no artigo 231. A diferenza substancial entre ambas as regulacións é que aquela deixa fóra as sociedades ou entidades en que o administrador ten unha participación relevante ou desempeña un posto clave. Adicionalmente, e aínda en relación ao artigo 231, resulta igualmente oportuno incluír expresamente entre as persoas vinculadas ao administrador aquelas que procuraron o seu nomeamento para que as represente no órgano de administración, que son fonte dun conflito de interese por conta allea xenericamente recollido no artigo 228.e) e especificamente previsto no actual artigo 529 ter.1.h).

A Directiva tamén habilita os lexisladores nacionais para que as regras xerais non se apliquen ás operacións vinculadas intragrupo cando «o dereito nacional prevexa unha protección adecuada dos intereses da sociedade, da filial e dos seus accionistas que non sexan partes vinculadas, incluídos os accionistas minoritarios» (artigo 9 quater.6 a) da Directiva *in fine*). Esta habilitación esténdese tanto ás operacións augas abaixo (por participar na operación da filial partes vinculadas da matriz) como augas arriba (operacións da filial coa matriz). En particular, da Directiva despréndese que permite que o deber de abstención dos conselleiros da matriz na filial (cotizada) non sexa aplicable ás operacións intragrupo, precisamente para facilitar a economía e a planificación estratéxica dos grupos das cales as operacións internas constitúen un elemento indispensable. Non se pode privar a matriz de participar neste tipo de decisións estratéxicas a través dos seus conselleiros dominicais. Por isto é preciso non privar do voto os conselleiros afectados nestes casos, para o cal o dereito nacional debe proporcionar unha protección adecuada da filial e dos seus accionistas externos. Esta protección adecuada debe consistir na previsión dunha regra do investimento da carga da proba ou *entire fairness test* similar á prevista no artigo 190.3. As dúas regras especiais ou excepcións anteriores non deberían quedar circunscritas ás sociedades cotizadas e, en particular, ás filiais cotizadas, que apenas existen no noso país. Deben xeneralizarse a todo tipo de sociedades. De feito, a práctica totalidade das filiais das sociedades cotizadas son sociedades non cotizadas. Por isto, introdúcese un novo precepto –concretamente o artigo 231 bis baixo a denominación de «Operacións intragrupo»– no cal se recollen estas regras. Evidentemente, este novo réxime non é aplicable ás operacións entre sociedades integramente participadas, posto que estas operacións non están suxeitas, por definición, a conflito de interese.

En canto ao réxime substantivo aplicable a estas operacións, optouse por regular separadamente o réxime de publicidade das operacións, o seu réxime de aprobación e as distintas excepcións a un e outro. Cabe subliñar que a regulación mantén importantes elementos de continuidade coa regulación existente até agora, xa que as diferentes categorías se basean en gran medida nos limiares e criterios que até agora viña manexando o texto refundido da Lei de sociedades de capital para someter a súa aprobación á xunta xeral de accionistas ou ao consello de administración, e que seguen sendo de aplicación para as sociedades cotizadas.

Esta lei establece, así mesmo, a obrigaçión de publicar a información relevante relativa a aquelas operacións que superen determinados limiares cuantitativos, acompañada cun informe elaborado pola comisión de auditoría, como máis tarde no momento da súa celebración. Os limiares que fixa teñen a finalidade de alcanzar un equilibrio razoable entre a debida protección dos intereses sociais e dos socios minoritarios e os custos administrativos e burocráticos da medida.

En canto ao réxime de aprobación das operacións vinculadas, respéctanse as actuais competencias da xunta xeral, atribuídas tanto na parte xeral da norma como na parte relativa a sociedades cotizadas. Esta continúa sendo competente, por exemplo, para autorizar ou dispensar os membros do consello de administración da realización daquelas operacións cuxa contía exceda o dez por cento dos activos sociais. En canto á participación na votación de socios en situación de conflito, establécese unha regra especial para as sociedades cotizadas, distinta da recollida con carácter xeral polo artigo 190 do texto refundido da Lei de sociedades de capital. Así, este artigo 190 só obriga á abstención do

socio en determinados supostos, permite nos demais supostos de conflito a súa participación na votación e fía a protección do minoritario a unha inversión da carga da proba en sede xudicial. Tendo en conta os requisitos necesarios para a impugnación de acordos societarios nas sociedades cotizadas, preferiuse reforzar, como regra especial aplicable a estas, a protección dos socios minoritarios, de forma que os socios en situación de conflito só poderán votar se a operación suxeita a decisión foi aprobada polo consello de administración sen o voto en contra da maioría dos conselleiros independentes.

O consello de administración será competente para aprobar o resto de operacións vinculadas salvo que, polas súas especiais características, se suxeiten a un procedemento de aprobación menos exixente e máis áxil.

Neste sentido, as operacións estandarizadas cuxas tarifas son fixadas polo subministrador do ben ou servizo de que se trate e cuxo importe non supera o 0,5 por cento do importe neto da cifra de negocios da sociedade non requiren anuncio público previo pola sociedade e para a súa aprobación basta que o realice un órgano ou persoa con poder de representación suficiente.

## VIII

Finalmente, considerouse oportuno aproveitar esta lei para introducir, á marxe da Directiva, outras melloras normativas en materia de goberno corporativo e de funcionamento dos mercados de capitais.

En primeiro lugar, modifícase o primeiro número do artigo 225 do texto refundido da Lei de sociedades de capital para reforzar o deber de dilixencia dos administradores, en consonancia coas exixencias do bo goberno corporativo.

En segundo lugar, modifícase o primeiro número do artigo 529 bis do texto refundido da Lei de sociedades de capital para establecer que os conselleiros das sociedades cotizadas deberán ser necesariamente persoas físicas. Esta modificación obedece a razóns de transparencia e bo goberno corporativo.

En terceiro lugar, a lei tamén introduce no noso dereito societario as denominadas «accións de lealdade» con voto adicional, permitindo ás sociedades cotizadas consideralas nos seus estatutos sociais. Desta forma, permítese que os estatutos outorguen dereitos de voto adicionais ás accións que mantívese o seu titular ininterrompidamente durante un período de tempo mínimo de dous anos. Trátase dun mecanismo que pode ser utilizado para incentivar os accionistas a manter o seu investimento na sociedade no longo prazo e reducir presións de curto prazo sobre a xestión das empresas. Ademais, coa súa introdución, o noso réxime societario e, en definitiva, o noso mercado bolsista ofrecerán as mesmas opcións que permiten outras lexislacións europeas, reforzando así o seu atractivo.

O réxime que se propón é similar ao réxime con que xa contan desde hai anos países como Francia e Italia. Así, a súa aplicación requirirá en todo caso unha decisión expresa da compañía introducindo a figura nos estatutos sociais, adoptada con determinados requisitos de *quórum* e maioría de votos especialmente exixentes coa finalidade de protexer o accionista minoritario. En canto á súa supresión, esta poderase acordar cun *quórum* e maiorías menos exixentes que para a súa incorporación.

En cuarto lugar, para avanzar na promoción e fomento da participación dos traballadores nas empresas, modifícase o Código de comercio. Como noutros aspectos do bo goberno corporativo e da responsabilidade social corporativa, o primeiro paso para lograr avances significativos é divulgar ao mercado o estado de situación e as medidas implementadas en relación coa participación dos traballadores, para que os investidores e os distintos grupos de interese poidan comparar e valorar adecuadamente o compromiso das empresas neste ámbito. Para isto, desenvólvese a epígrafe do estado de información non financeira correspondente á información sobre cuestións sociais e relativas ao persoal, para detallar os mecanismos e procedementos con que conta a empresa para promover a implicación dos traballadores na xestión da compañía, en termos de información, consulta e participación.

Ademais, a presente lei introduce unha serie de modificacións na propia Lei de sociedades de capital co obxectivo principal de facer máis simples e áxiles os procesos de



captación de capital no mercado por parte de sociedades cotizadas e de compañías con accións admitidas a negociación en sistemas multilaterais de negociación. Os cambios, especialmente oportunos nun contexto como o actual en que é importante que moitas empresas poidan reforzar a súa estrutura de capital, melloran o réxime aplicable tanto aos aumentos de capital propiamente ditos como á emisión de obrigacións convertibles en accións por ambos os tipos de sociedades, facéndoo máis competitivo e, pola súa vez, reafirmando os principios de dereito societario que deben rexer na materia.

Por un lado, redúcese de quince a catorce días naturais o prazo mínimo para o exercicio do dereito de subscrición preferente. Con isto, as compañías que o desexen poderán acurtar o período que transcorre entre o lanzamento e o peche das correspondentes operacións e, polo tanto, rebaixar custos, como os de aseguramento, vinculados ao risco de mercado.

Por outro lado, para a exclusión do dereito de subscrición preferente en sociedades cotizadas requírese, con carácter xeral, o informe do experto independente previsto no artigo 308, sempre que o consello de administración eleve unha proposta para emitir accións ou valores convertibles con exclusión do dereito de subscrición preferente por un importe superior ao vinte por cento do capital. Isto implica que, para emisións por importe inferior ao vinte por cento do capital, se suprime, con carácter xeral, a exigencia de informe de experto independente distinto do auditor de contas designado polo Rexistro Mercantil, cuxo alcance e virtualidade é menos relevante nos aumentos de capital de sociedades cotizadas. Ao dispoñeren estas dunha referencia obxectiva de valoración na cotización bolsista, non ten maior sentido manter un requisito que complica significativamente o proceso, especialmente en supostos de colocación acelerada de accións entre investidores profesionais. O informe do experto só será necesario en dous casos excepcionais: dun lado, cando o valor de mercado non resulte suficientemente representativo do valor razoable e, doutro, cando o interese social exixa non só a exclusión do dereito de subscrición preferente, senón tamén a emisión das novas accións a un prezo inferior ao valor razoable. A sociedade cotizada poderá, non obstante, obter voluntariamente o dito informe.

Así mesmo, no que respecta á delegación nos administradores da facultade de aumentar o capital con exclusión do dereito de subscrición preferente, que vén sendo vista con certa prevención desde a perspectiva do bo goberno corporativo cando o importe da delegación é moi elevado, limítase a un máximo do vinte por cento do capital (até agora aplicábase a regra xeral do cincuenta por cento) e distínguese con claridade, en liña co réxime xeral da Lei de sociedades de capital, a figura do capital autorizado da mera atribución aos administradores da facultade de fixar a data e outras condicións do aumento.

Nesta mesma orde de cousas, ao igual que xa se fixo no caso do réxime de emisión de obrigacións mediante a reforma realizada pola Lei 5/2015, do 27 de abril, de fomento do financiamento empresarial, permítese, con carácter xeral, a entrega e transmisión das novas accións unha vez outorgada a escritura de execución do aumento e antes da inscrición. Isto sen prexuízo da inscrición posterior do aumento de capital que, como a da propia constitución da sociedade, segue naturalmente sendo obrigatoria. Igualmente, suprímese para as sociedades cotizadas a necesidade de facer constar no acordo de emisión a posibilidade de subscrición incompleta como requisito para a eficacia do aumento.

E, finalmente, no que respecta ás ampliacións de capital, como xa se indicou, prevese que o réxime modificado proposto sexa tamén de aplicación ás compañías, xeralmente de menor dimensión, cuxas accións se negocian en sistemas multilaterais de negociación, así como ás que emitan novas accións nas ofertas dirixidas á súa admisión a negociación a mercados regulados ou á súa incorporación aos referidos sistemas. Trátase de facilitar que estas poidan, igualmente, captar capital no mercado do modo máis eficiente.

Outro aspecto de mellora técnica nesta materia é a modificación do artigo 495, que clarifica o réxime legal aplicable ás sociedades españolas exclusivamente cotizadas en mercados de valores estranxeiros.

En quinto lugar, modifícase a Lei 22/2015, do 20 de xullo, de auditoría de contas, para incluír o informe anual de remuneracións dos conselleiros entre a información cuxa existencia debe comprobar o auditor ao analizar o informe de xestión das sociedades

cotizadas. Tamén se axusta a exigencia de establecer unha comisión de auditoría ás entidades de interese público cando son entidades dependentes en estruturas de grupos. Nestes supostos, para que resulte aplicable a excepción á obrigação de contar cunha comisión de auditoría, as ditas entidades deberán estar participadas integramente pola sociedade dominante ou, en caso contrario, a aplicación da exención deberá ser acordada pola xunta xeral de accionistas por unanimidade.

En sexto lugar, adáptase o texto refundido da Lei do mercado de valores ao Regulamento (UE) n.º 2017/1129 do Parlamento Europeo e do Consello, do 14 de xuño de 2017, sobre o folleto que debe publicarse en caso de oferta pública ou admisión a cotización de valores nun mercado regulado e polo que se derroga a Directiva 2003/71/CE. Este regulamento resulta de directa aplicación desde o 21 de xullo de 2019 e é necesario realizar as adaptacións necesarias para garantir a seguridade xurídica da súa aplicación en España. Como principais novidades, destaca a elevación a oito millóns de euros do importe nas ofertas públicas de venda a partir do cal é obrigatorio elaborar e publicar folleto, salvo no caso do sector de entidades de crédito, para as cales o limiar debe permanecer en cinco millóns de euros atendendo á complexidade da súa actividade e estrutura como emisores. Ademais, a Comisión Nacional do Mercado de Valores (CNMV) terá a facultade de exixir folleto cando a emisión non supere os límites mencionados, e a complexidade do emisor ou do instrumento financeiro en cuestión así o aconsellen. Outros elementos que cómpre destacar en relación coa adaptación a este Regulamento (UE) n.º 2017/1129 son a adaptación da canle de comunicación de infraccións á CNMV para incluír o citado regulamento europeo entre as materias cuxo incumprimento pode ser obxecto de comunicación; a consideración da CNMV como autoridade competente, á cal ademais se recoñece explicitamente a súa responsabilidade na autorización do folleto, ou a adaptación da Lei ao réxime sancionador do dito regulamento europeo. Permanecen vixentes as regras nacionais existentes que se consideran perfectamente compatibles co regulamento europeo.

En sétimo lugar, suprímese o artigo 120 do texto refundido da Lei do mercado de valores para eliminar a obrigação das empresas cuxas accións cotizan en mercados regulados de publicar información financeira trimestral. Isto supón homologar a norma española coa doutros países da Unión Europea e cos mercados relevantes en Europa. Desta forma, as empresas que o desexen poderán seguir presentando información trimestral pero a aquelas ás cales lles supoña unha carga excesiva ou que perciban que lles pode implicar presións de curto prazo deixará de resultarlles exixible. Non obstante, modifícase tamén o artigo 234.2, relativo ás facultades de intervención da CNMV, coa finalidade de que esta poida exixir a publicación de informacións de carácter trimestral no exercicio da súa función de comprobación da información periódica. E é que a publicación desta información trimestral si que pode ser importante para os investidores en determinados supostos.

Tamén regula esta lei as obrigações dos administradores de comunicar participacións significativas conforme o disposto no Regulamento (UE) n.º 596/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de abril de 2014, sobre o abuso de mercado, de tal forma que xa non é necesario que comuniquen estas participacións conforme o artigo 125.5 do texto refundido da Lei do mercado de valores. Trátase de evitar a duplicación da obrigação de información por parte dos administradores, co prexuízo para a seguridade xurídica e o aumento de custos de cumprimento que isto implicaría.

En oitavo lugar, modifícase a disposición adicional sétima do texto refundido da Lei do mercado de valores para exceptuar da obrigação de elaborar o informe anual de goberno corporativo as entidades emisoras de valores distintas das sociedades anónimas cotizadas. O obxectivo é aliñarnos cos países da nosa contorna e reducir os desincentivos á emisión de renda fixa en España. Non hai que esquecer que estas entidades, en todo caso, terán que incluír información sobre goberno corporativo no informe de xestión, co contido mínimo que, para tal efecto, fixa a Directiva 2013/34/UE do Parlamento Europeo e do Consello sobre os estados financeiros anuais, os estados financeiros consolidados e outros informes afíns de certos tipos de empresas. Así mesmo, as referidas entidades

estarán exentas da obrigaón de comunicar a información sobre goberno corporativo á CNMV para a súa publicación, que se prevé no artigo 540 da Lei de sociedades de capital. Desta forma evítase a inconsistencia actual e redúcense os desincentivos a emitir en España instrumentos distintos de accións (tipicamente renda fixa).

Por último, modifícase a disposición adicional sétima do texto refundido da Lei de sociedades de capital para actualizar a enumeración de preceptos que se consideran normas de ordenación e disciplina do mercado de valores e que, por tanto, se encontran baixo a supervisión da CNMV. Desta forma facilítase o exercicio da función supervisora e de protección dos investidores da CNMV.

## IX

A lei inclúe dúas disposicións adicionais, dúas disposicións transitorias e cinco disposicións derradeiras. A disposición adicional primeira refírese á información á Comisión Europea por parte da Comisión Nacional do Mercado de Valores de determinadas dificultades prácticas ou o incumprimento por entidades intermediarias da Unión Europea ou de terceiros países na aplicación de determinados artigos do texto refundido da Lei de sociedades de capital. A disposición adicional segunda contén o prazo de adaptación ás obrigaóns establecidas nos artigos 47 ter e 47 quáter da Lei 37/2003, do 4 de novembro, de institucións de investimento colectivo. A disposición derradeira primeira modifica a Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria; a disposición derradeira segunda dispón que mediante a presente lei se incorpora parcialmente ao dereito español a Directiva (UE) 2017/828 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de maio de 2017, pola que se modifica a Directiva 2007/36/CE no que respecta ao fomento da implicación a longo prazo dos accionistas; a disposición derradeira terceira refírese ao título competencial; a disposición derradeira cuarta contén a habilitación normativa e, por último, a quinta establece a entrada en vigor.

**Artigo primeiro.** *Modificación da Lei 35/2003, do 4 de novembro, de institucións de investimento colectivo.*

Modifícase a Lei 35/2003, do 4 de novembro, de institucións de investimento colectivo, nos seguintes termos:

Un. Suprímese o segundo parágrafo da letra e) do número 1 do artigo 46.1, a cal queda redactada da seguinte forma:

«e) Emitir os certificados das participacións nos fondos de investimento que estean representadas a través dos ditos títulos. Así mesmo, poderán solicitar ás entidades encargadas dos rexistros contables, por conta e en nome dos partícipes, a expedición dos certificados a que alude o artigo 14 do texto refundido da Lei do mercado de valores, cando se trate de participacións representadas mediante anotacións na conta. O anterior non será aplicable no caso de que no rexistro de partícipes da sociedade xestora, as participacións figuren a nome dunha entidade comercializadora por conta de partícipes, de acordo co establecido no artigo 40.3 desta lei, caso en que será a dita entidade comercializadora a que deba emitir os certificados correspondentes a cada un dos partícipes.»

Dous. Introdúcense dous novos artigos 47 ter e 47 quáter coa seguinte redacción:

«Artigo 47 ter. *Política de implicación.*

1. As sociedades xestoras desenvolverán e porán en coñecemento do público unha política de implicación que describa como integran a súa implicación como accionistas ou xestores dos accionistas na súa política de investimento. Esta política describirá a forma en que levan a cabo o seguimento das sociedades admitidas a negociación nun mercado regulado que estea situado ou opere nun Estado membro

nas cales invisten no referente, entre outras cuestións, á estratexia, ao rendemento financeiro e non financeiro e aos riscos, á estrutura do capital, ao impacto social e ambiental e ao goberno corporativo. A dita política tamén describirá os mecanismos para desenvolver un diálogo coas sociedades admitidas a negociación nun mercado regulado que estea situado ou opere nun Estado membro nas cales invisten, exercen os dereitos de voto e outros dereitos asociados ás accións, cooperan con outros accionistas, comunícanse con grupos de interese importantes das sociedades en que invisten e xestionan conflitos de interese reais e potenciais en relación coa súa implicación.

2. As sociedades xestoras farán pública con carácter anual a aplicación da súa política de implicación, incluídas unha descrición xeral do seu comportamento en relación cos seus dereitos de voto, unha explicación das votacións máis importantes e, se for o caso, do recurso aos servizos de asesores de voto.

3. As sociedades xestoras publicarán o sentido do seu voto nas xuntas xerais das sociedades en que as IIC posúen accións. Esta publicación poderá excluír os votos que non sexan significativos debido ao obxecto da votación ou á dimensión da participación na sociedade.

4. A información mencionada nos números 1, 2 e 3 estará dispoñible publicamente e de forma gratuíta no sitio web da sociedade xestora.

5. As medidas que deberán adoptar as sociedades xestoras para detectar, impedir, xestionar e controlar os conflitos de interese que puidesen xurdir durante a xestión de IIC recollidas no artigo 46.5.b) serán, así mesmo, aplicables ás actividades desenvolvidas para implementar a súa política de implicación prevista no número 1.

6. En caso de que as sociedades xestoras decidan non cumprir con un ou con máis dos requisitos recollidos nos números anteriores, deberase publicar unha explicación clara e motivada sobre as razóns para non facelo.

*Artigo 47 quáter. Obrigacións de información da sociedade xestora cando presta servizos de xestión de activos a entidades aseguradoras ou plans e fondos de pensións de emprego.*

As sociedades xestoras que invistan en accións admitidas a negociación nun mercado regulado que estea situado ou opere nun Estado membro en nome de entidades aseguradoras ou plans ou fondos de pensións de emprego porán, anualmente, en coñecemento das entidades aseguradoras ou plans e fondos de pensións de emprego con que conclúsen acordos de xestión de activos a forma en que a súa estratexia de investimento e a súa aplicación se axustan ao dito acordo e contribúen ao rendemento a medio e longo prazo dos activos das ditas entidades ou plans e fondos de pensións. Non será necesario cando tal información se encontre á disposición do público ou se incluíse no informe anual que deben elaborar as sociedades xestoras. Nestes casos, deberán indicar o lugar en que está dispoñible a dita información.

As sociedades xestoras incluírán información sobre os principais riscos a medio e longo prazo asociados aos investimentos, á composición da carteira, á rotación e aos custos de rotación e, se procede, ao uso de asesores de voto para fins de actividades de implicación e á súa política de préstamo de valores e ao modo en que se aplica para cumprir as súas actividades de implicación, en particular, na xunta xeral das sociedades en que se inviste.

Tamén incluírán información sobre se adoptaron, e en tal caso como, decisións sobre investimentos baseadas na avaliación do rendemento a medio e longo prazo das sociedades en que invisten, incluído o rendemento non financeiro, e sobre se se produciron conflitos de interese en relación coas actividades de implicación e, en tal caso, que conflitos e como os resolveron.»

**Artigo segundo.** *Modificación do Código de comercio.*

O artigo 49, número 6. II. Información sobre cuestións sociais e relativas ao persoal, guión cuarto, queda redactado como segue:

«Relacións sociais: organización do diálogo social, incluídos procedementos para informar e consultar o persoal e negociar con el; porcentaxe de empregados cubertos por convenio colectivo por país; o balance dos convenios colectivos, particularmente no campo da saúde e da seguridade no traballo; mecanismos e procedementos con que conta a empresa para promover a implicación dos traballadores na xestión da compañía, en termos de información, consulta e participación.»

**Artigo terceiro.** *Modificación do texto refundido da Lei de sociedades de capital, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2010, do 2 de xullo.*

Modifícase o texto refundido da Lei de sociedades de capital, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2010, do 2 de xullo, nos seguintes termos:

Un. Modifícase o artigo 182, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 182. *Asistencia telemática.*

Se os estatutos prevén a posibilidade de asistencia á xunta por medios telemáticos, que garantan debidamente a identidade do suxeito, na convocatoria describíranse os prazos, formas e modos de exercicio dos dereitos dos socios previstos polos administradores para permitir o adecuado desenvolvemento da xunta. En particular, os administradores poderán determinar que as intervencións e propostas de acordos, que conforme esta lei teñan intención de formular os que vaian asistir por medios telemáticos, se remitan á sociedade con anterioridade ao momento da constitución da xunta. As respostas aos socios ou aos seus representantes que, asistindo telematicamente, exerzan o seu dereito de información durante a xunta producíranse durante a propia reunión ou por escrito durante os sete días seguintes á finalización da xunta.»

Dous. Engádesse un novo artigo 182 bis coa seguinte redacción:

«Artigo 182 bis. *Xunta exclusivamente telemática.*

1. Adicionalmente ao previsto no artigo anterior, os estatutos poderán autorizar a convocatoria por parte dos administradores de xuntas para seren celebradas sen asistencia física dos socios ou dos seus representantes. No non previsto neste precepto, as xuntas exclusivamente telemáticas someteranse ás regras xerais aplicables ás xuntas presenciais, adaptadas, de ser o caso, ás especialidades que derivan da súa natureza.

2. A modificación estatutaria mediante a cal se autorice a convocatoria de xuntas exclusivamente telemáticas deberá ser aprobada por socios que representen ao menos dous terzos do capital presente ou representado na reunión.

3. A celebración da xunta exclusivamente telemática estará supeditada en todo caso a que a identidade e lexitimación dos socios e dos seus representantes se ache debidamente garantida e a que todos os asistentes poidan participar efectivamente na reunión mediante medios de comunicación a distancia apropiados, como audio ou vídeo, complementados coa posibilidade de mensaxes escritas durante o transcurso da xunta, tanto para exercer en tempo real os dereitos de palabra, información, proposta e voto que lles correspondan como para seguir as intervencións dos demais asistentes polos medios indicados. Para tal fin, os administradores deberán implementar as medidas necesarias conforme o estado da técnica e as circunstancias da sociedade, especialmente o número dos seus socios.



4. O anuncio de convocatoria informará dos trámites e procedementos que deberán seguirse para o rexistro e formación da lista de asistentes, para o exercicio por estes dos seus dereitos e para o adecuado reflexo na acta do desenvolvemento da xunta. A asistencia non poderá supeditarse en ningún caso á realización do rexistro cunha antelación superior a unha hora antes do comezo previsto da reunión.

5. As respostas aos socios ou aos seus representantes que exerzan o seu dereito de información durante a xunta rexeranse polo previsto no artigo 182.

6. A xunta exclusivamente telemática considerárase celebrada no domicilio social con independencia de onde se ache o presidente da xunta.

7. As previsións contidas neste artigo serán igualmente aplicables á sociedade de responsabilidade limitada.»

Tres. Modifícase o artigo 225.1, que pasa a ter a seguinte redacción:

«1. Os administradores deberán desempeñar o cargo e cumprir os deberes impostos polas leis e os estatutos coa dilixencia dun ordenado empresario, tendo en conta a natureza do cargo e as funcións atribuídas a cada un deles, e subordinar, en todo caso, o seu interese particular ao interese da empresa.»

Catro. Modifícase o artigo 231, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 231. *Persoas vinculadas aos administradores.*

1. Para efectos dos artigos anteriores, terán a consideración de persoas vinculadas aos administradores:

a) O cónxuxe do administrador ou as persoas con análoga relación de afectividade.

b) Os ascendentes, descendentes e irmáns do administrador ou do cónxuxe do administrador.

c) Os cónxuxes dos ascendentes, dos descendentes e dos irmáns do administrador.

d) As sociedades ou entidades nas cales o administrador posúe directa ou indirectamente, mesmo por persoa interposta, unha participación que lle outorga unha influencia significativa ou desempeña nelas ou na súa sociedade dominante un posto no órgano de administración ou na alta dirección. Para estes efectos, presúmese que outorga influencia significativa calquera participación igual ou superior ao 10 % do capital social ou dos dereitos de voto ou en atención á cal se puido obter, de feito ou de dereito, unha representación no órgano de administración da sociedade.

e) Os socios representados polo administrador no órgano de administración.

2. Respecto do administrador persoa xurídica, entenderanse que son persoas vinculadas as seguintes:

a) Os socios que se encontren, respecto do administrador persoa xurídica, nalgunha das situacións recollidas no número primeiro do artigo 42 do Código de comercio.

b) Os administradores de dereito ou de feito, os liquidadores e os apoderados con poderes xerais do administrador persoa xurídica.

c) As sociedades que formen parte do mesmo grupo e os seus socios.

d) As persoas que respecto do representante do administrador persoa xurídica teñan a consideración de persoas vinculadas aos administradores de conformidade co que se establece no número anterior.»

Cinco. Introdúcese un novo artigo 231 bis coa seguinte redacción:

«Artigo 231 bis. *Operacións intragrupo.*

1. A aprobación das operacións que realice a sociedade coa súa sociedade dominante ou outras sociedades do grupo suxeitas a conflito de interese corresponderá á xunta xeral cando o negocio ou transacción en que consista, pola súa propia natureza, estea legalmente reservado á competencia deste órgano e, en todo caso, cando o importe ou valor da operación ou o importe total do conxunto de operacións previstas nun acordo ou contrato marco sexa superior ao 10 % do activo total da sociedade.

2. A aprobación do resto das operacións que realice a sociedade coa súa sociedade dominante ou outras sociedades do grupo suxeitas a conflito de interese corresponderá ao órgano de administración. Non obstante o previsto nos artigos 228.c) e 230, a aprobación poderá facerse coa participación dos administradores que estean vinculados e representen a sociedade dominante, caso en que, se a decisión ou voto de tales administradores resulta decisivo para a aprobación, corresponderá á sociedade e, se for o caso, aos administradores afectados polo conflito de interese probar que o acordo é conforme co interese social en caso de que sexa impugnado e que empregaron a dilixencia e lealdade debidas en caso de que se exixa a súa responsabilidade.

3. A aprobación de operacións que realice a sociedade coa súa sociedade dominante ou outras sociedades do grupo suxeitas a conflito de interese poderá ser delegada polo órgano de administración en órganos delegados ou en membros da alta dirección sempre e cando se trate de operacións realizadas no curso ordinario da actividade empresarial, entre as que se incluírán as que resultan da execución dun acordo ou contrato marco, e concluídas en condicións de mercado. O órgano de administración deberá implantar un procedemento interno para a avaliación periódica do cumprimento dos mencionados requisitos.

4. Para os efectos dos números anteriores, non se considerarán operacións realizadas cunha sociedade do grupo suxeita a conflito de interese aquelas realizadas coas súas sociedades dependentes, salvo cando na sociedade dependente sexa accionista significativo unha persoa coa cal a sociedade non podería realizar a operación directamente sen aplicar o réxime de operacións con partes vinculadas. Non obstante, para a sociedade dependente que estea suxeita a esta lei, por se tratar de operacións celebradas coa sociedade dominante, será de aplicación o previsto nos números anteriores.»

Seis. O artigo 315 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 315. *Inscripción da operación de aumento.*

O acordo de aumento do capital social e a execución deste deberán inscribirse simultaneamente no Rexistro Mercantil.»

Sete. O artigo 495 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 495. *Concepto de sociedade cotizada e ámbito de aplicación deste título.*

1. Son sociedades cotizadas as sociedades anónimas cuxas accións estean admitidas a negociación nun mercado regulado español.

2. No non previsto neste título, as sociedades cotizadas rexeranse polas disposicións xerais aplicables ás sociedades anónimas, coas seguintes particularidades que se indican a continuación:

a) A porcentaxe mínima do cinco por cento que determinadas disposicións aplicables ás sociedades anónimas exige para o exercicio de certos dereitos dos accionistas recoñecidos nesta lei será do tres por cento nas sociedades cotizadas.

b) A fracción do capital social necesaria para poder impugnar acordos sociais, conforme os artigos 206.1 e 251, será do un por mil do capital social.

c) Sen prexuízo do disposto no artigo 205.1 para os acordos que resultaren contrarios á orde pública, a acción de impugnación dos acordos sociais caducará no prazo de tres meses.

3. Ás sociedades anónimas cuxas accións estean admitidas a negociación nun mercado regulado doutro Estado membro do Espazo Económico Europeo ou nun mercado equiparable dun terceiro Estado e non o estean nun mercado español seranlles de aplicación as disposicións contidas no presente título, coas especialidades seguintes:

a) Entenderanse cumpridas por equivalencia as ditas disposicións cando a sociedade cumpra normas ou requisitos funcionalmente análogos exixidos ás sociedades cotizadas pola lei do mercado estranxeiro e inaplicables as que resulten incompatibles cos requisitos establecidos na lei do mercado estranxeiro para a admisión a negociación e o mantemento desta.

b) As formas de comunicación e publicidade axustaranse ao previsto na lei do mercado estranxeiro. A información sobre o grao de seguimento das recomendacións de goberno corporativo formularase por referencia aos códigos ou estándares aplicables no mercado estranxeiro.

c) A representación e documentación das accións poderá axustarse aos requirimentos da lei do mercado estranxeiro. Se for o caso, o mantemento do libro rexistro contable das accións poderá ser encomendado a unha entidade autorizada no dito mercado.

d) As referencias á Comisión Nacional do Mercado de Valores contidas no presente título entenderanse feitas á autoridade prevista pola lei do mercado estranxeiro.»

Oito. O número 1 do artigo 496 queda redactado do seguinte modo:

«1. As accións e as obrigacións que pretendan acceder ou permanecer admitidas a cotización nun mercado regulado que estea domiciliado ou que opere en España deberán representarse necesariamente por medio de anotacións na conta.»

Nove. O artigo 497 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 497. *Dereito a coñecer a identidade dos accionistas.*

1. A sociedade ou un terceiro nomeado pola sociedade terá dereito a obter en calquera momento do depositario central de valores a información que permita determinar a identidade dos seus accionistas, co fin de comunicarse directamente con eles con vistas a facilitar o exercicio dos seus dereitos e a súa implicación na sociedade. Esta información incluirá, como mínimo:

a) O seu nome e datos de contacto, incluídos o enderezo completo e, se se dispón del, o correo electrónico do accionista e, cando se trate dunha persoa xurídica, o seu identificador único, como o código de identificación como entidade xurídica (LEI) ou, en caso de que non se dispoña destes, o seu número de rexistro ou número de identificación fiscal,

b) o número de accións de que é titular e,

c) se a sociedade o solicita, un ou máis dos seguintes datos: as clases das ditas accións e, cando este dato estea dispoñible, a data a partir da cal é o seu titular.

Os demais datos persoais que deban facilitarse serán proporcionados sempre e cando sexan necesarios para permitir á sociedade cumprir coa finalidade de identificar os seus accionistas e comunicarse con eles.

2. O mesmo dereito terán as asociacións de accionistas que se constituísen na sociedade emisora e que representen ao menos o un por cento do capital social, así como os accionistas que teñan individual ou conxuntamente unha participación de, ao menos, o tres por cento do capital social, exclusivamente para efectos de facilitar a súa comunicación cos accionistas para o exercicio dos seus dereitos e a mellor defensa dos seus intereses comúns.

Na solicitude deberá facerse constar a finalidade da consulta e a información non poderá utilizarse para outros fins distintos dos que figuran na solicitude.

No suposto de utilización abusiva ou prexudicial da información solicitada, a asociación de accionistas ou socios será responsable dos danos e perdas causados. Esta responsabilidade, de carácter civil, será independente da responsabilidade administrativa en que poidan incurrir por infracción da normativa de protección de datos persoais.

3. Os datos persoais dos accionistas trataranse de conformidade con este artigo para que a sociedade poida identificalos, co fin de comunicarse directamente con eles con vistas a facilitar o exercicio dos seus dereitos e a súa implicación na sociedade, e o seu tratamento axustarase plenamente ao establecido polo Regulamento (UE) n.º 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE, así como, en xeral, á normativa de protección de datos de carácter persoal. O Regulamento (UE) n.º 2016/679 e, en xeral, a normativa de protección de datos de carácter persoal aplicaranse aos accionistas e asociacións de accionistas que soliciten os datos para efectos de facilitar a súa comunicación cos demais accionistas para o exercicio dos seus dereitos e a mellor defensa dos seus intereses comúns. Toda transmisión de datos persoais a intermediarios de terceiros países deberá cumprir, así mesmo, os requisitos establecidos no Regulamento (UE) n.º 2016/679 e os ditos intermediarios de terceiros países, aínda que radiquen fóra da UE, deberán comprometerse ao cumprimento da normativa de protección de datos recollida polo dito regulamento UE.

Salvo que un acto lexislativo sectorial da Unión Europea ou a súa normativa de transposición estableza un período máis longo, as sociedades e os intermediarios ou prestadores de servizos, aínda que radiquen fóra da UE, non conservarán os datos persoais obtidos do accionista durante un período superior a doce meses desde que teñan coñecemento de que este deixou de ser accionista. As sociedades e os intermediarios articularán procedementos que garantan que os datos persoais dos accionistas están actualizados. O prazo de conservación dos datos persoais polos accionistas e asociacións de accionistas que os obtivesen de conformidade co número 2 non será superior ao tempo necesario para a realización dos fins do tratamento dos datos persoais, isto é, o exercicio dos seus dereitos e a mellor defensa dos seus intereses comúns.

Os accionistas que sexan persoas xurídicas poderán exercer o dereito de rectificación da información incompleta ou inexacta sobre a súa identidade como accionistas.

4. As solicitudes e respostas formuladas de conformidade co disposto nos números anteriores réxense polo disposto no Regulamento de execución (UE) 2018/1212 da Comisión, do 3 de setembro de 2018, polo que se establecen requisitos mínimos de execución das disposicións da Directiva 2007/36/CE do Parlamento Europeo e do Consello, no relativo á identificación dos accionistas, á transmisión de información e á facilitación do exercicio dos dereitos dos accionistas.»

Dez. Introdúcese un novo artigo 497 bis coa seguinte redacción:

«Artigo 497 bis. *Dereito a identificar os beneficiarios últimos.*

1. No suposto de que a entidade ou persoa lexitimada como accionista en virtude do rexistro contable das accións sexa unha entidade intermediaria que custodia as ditas accións por conta de beneficiarios últimos ou doutra entidade intermediaria, o dereito a coñecer a identidade dos accionistas regulado no artigo anterior comprenderá tamén o dereito a coñecer a identidade dos ditos beneficiarios últimos.

Para estes efectos, a sociedade cotizada, ou un terceiro designado pola sociedade, poderá solicitar a identificación dos beneficiarios últimos directamente á entidade intermediaria ou solicitárllelo indirectamente por medio do depositario central de valores. As asociacións de accionistas que representen ao menos o un por cento do capital social ou os accionistas que sexan titulares individual ou conxuntamente dunha participación de, ao menos, o tres por cento do capital social, solicitarán a identificación dos beneficiarios últimos á entidade intermediaria necesariamente por medio do depositario central de valores. En ambos os supostos, a entidade intermediaria comunicará directamente ao solicitante a identidade dos beneficiarios últimos.

2. Para os efectos establecidos nesta lei, considérase beneficiario último a persoa por conta de quen actúe a entidade intermediaria lexitimada como accionista en virtude do rexistro contable, directamente ou a través dunha cadea de intermediarios.

3. Cando existan varias entidades intermediarias en cadea custodiando as accións dun mesmo beneficiario último, estas transmitíranse entre si sen demora a solicitude da sociedade en cuestión, de forma que calquera entidade intermediaria da cadea que posúa a información solicitada sobre o beneficiario último a transmitirá directamente e sen demora ao solicitante da información.

4. O coñecemento por parte da sociedade cotizada ou dos demais solicitantes autorizados do beneficiario último das súas accións non afectará, de ningún xeito, a titularidade nin o exercicio dos dereitos económicos e políticos que lle correspondan á entidade intermediaria ou persoa lexitimada como accionista en virtude da normativa reguladora do rexistro contable das accións.

5. A sociedade é allea ás relacións entre o beneficiario último e a entidade ou entidades intermediarias e ás relacións entre as entidades que formen parte da cadea de entidades intermediarias. As obrigacións establecidas respecto do beneficiario último incumben unicamente á entidade ou entidades intermediarias, que deberán cumprilas baixo a súa responsabilidade. A sociedade non queda obrigada fronte aos beneficiarios últimos.

6. Será de aplicación ás solicitudes e respostas formuladas de conformidade co disposto nos números anteriores o Regulamento de execución (UE) 2018/1212 da Comisión, do 3 de setembro de 2018, polo que se establecen requisitos mínimos de execución das disposicións da Directiva 2007/36/CE do Parlamento Europeo e do Consello, no relativo á identificación dos accionistas, á transmisión de información e á facilitación do exercicio dos dereitos dos accionistas.

7. O Regulamento (UE) n.º 2016/679 e, en xeral, a normativa de protección de datos de carácter persoal aplicaranse aos tratamentos de datos persoais dos beneficiarios últimos descritos neste artigo, nos termos e condicións que se establecen no artigo 497.3.

8. Mediante orde da persoa titular do Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital poderanse concretar outros aspectos técnicos e formais necesarios en relación coa identificación dos accionistas e dos beneficiarios últimos.»



Once. Os artigos 503 a 508 quedan redactados do seguinte modo:

«Artigo 503. *Prazo mínimo para o exercicio do dereito de subscrición e anuncio da oferta.*

Nas sociedades cotizadas o exercicio do dereito de subscrición preferente realizarase dentro do prazo concedido polos administradores da sociedade, que non poderá ser inferior a catorce días desde a publicación do anuncio da oferta de subscrición da nova emisión no “Boletín Oficial del Registro Mercantil”.

Artigo 504. *Réxime de exclusión do dereito de subscrición preferente.*

1. A exclusión do dereito de subscrición preferente en sociedades cotizadas requirirá, con carácter xeral, do informe de experto independente previsto no artigo 308, sempre que o consello de administración eleve unha proposta para emitir accións ou valores convertibles con exclusión do dereito de subscrición preferente, por un importe superior ao 20 % do capital. Nos casos en que o importe da emisión sexa inferior ao 20 % do capital, a sociedade cotizada poderá, non obstante, obter voluntariamente o dito informe.

2. Nos supostos non recollidos no número 1 deste artigo, o valor nominal das accións que se emitirán máis, se é o caso, o importe da prima de emisión deberá corresponder ao valor razoable que resulte do informe dos administradores.

3. Salvo que os administradores xustifiquen outra cousa, para o cal será preciso achegar o oportuno informe de experto independente, e, en calquera caso para operacións que non superen o 20 % do capital, presumirase que o valor razoable é o valor de mercado, establecido por referencia á cotización bolsista, sempre que non sexa inferior en máis dun dez por cento ao prezo da dita cotización.

4. As accións poderán ser emitidas a un prezo inferior ao valor razoable. Nese caso, o informe dos administradores deberá xustificar que o interese social non só exige a exclusión do dereito de subscrición preferente, senón tamén o tipo de emisión proposto. Adicionalmente, será precisa a elaboración do informe de experto independente, o cal se pronunciará especificamente sobre o importe da dilución económica esperada e a razoabilidade dos datos e consideracións recollidos no informe dos administradores para xustificala.

Artigo 505. *Determinación do prezo e demais condicións de emisión en aumentos de capital con exclusión do dereito de subscrición preferente.*

O acordo de aumento de capital con exclusión do dereito de subscrición adoptado pola xunta xeral poderá fixar a data, o prezo e as demais condicións da emisión ou delegar a súa fixación no consello de administración. Este, pola súa parte, poderá determinar directamente o prezo de emisión ou establecer o procedemento para a súa determinación que considere razoable, sempre e cando sexa adecuado, de acordo coas prácticas aceptadas do mercado, para asegurar que o prezo de emisión resultante se corresponde co valor razoable.

Artigo 506. *Delegación da facultade de excluír o dereito de subscrición preferente en caso de emisión de novas accións.*

1. Cando a xunta xeral delegue nos administradores a facultade de aumentar o capital social poderá atribuírlles tamén a facultade de excluír o dereito de subscrición preferente en relación coas emisións de accións que sexan obxecto de delegación, se o interese da sociedade así o exixir. A delegación para aumentar o capital con exclusión do dereito de subscrición preferente non poderá referirse a máis do vinte por cento do capital da sociedade no momento da autorización.

2. O anuncio de convocatoria da xunta xeral en que figure a proposta de delegar nos administradores a facultade de aumentar o capital social deberá, se for o caso, conter expresamente a autorización a estes para excluír o dereito de

subscrición preferente. Desde a convocatoria da xunta xeral porase á disposición dos accionistas un informe dos administradores en que se xustifique a proposta de delegación desa facultade.

3. Ao acordo de ampliación adoptado con base na delegación da xunta deberáselle xuntar o correspondente informe xustificativo dos administradores. Así mesmo, a sociedade poderá obter, voluntariamente, o informe de experto independente previsto no artigo 308.

4. O valor nominal das accións que se emitirán, máis, se for o caso, o importe da prima de emisión deberá corresponder ao valor razoable nos termos previstos no número 3 do artigo 504. O informe dos administradores será posto á disposición dos accionistas e comunicado á primeira xunta xeral que se celebre tras o acordo de ampliación.

Artigo 507. *Subscrición incompleta.*

Salvo que o acordo prevexa o contrario, o aumento de capital será eficaz aínda que a subscrición non fose completa.

Artigo 508. *Entrega das accións nos aumentos de capital.*

1. Nas sociedades cotizadas, o acordo de aumento de capital poderá inscribirse no Rexistro Mercantil antes da súa execución, salvo que se excluíse a posibilidade de subscrición incompleta.

2. Sen prexuízo do previsto no artigo 34 para a constitución da sociedade, no suposto de aumento de capital, unha vez inscrito o acordo de aumento de capital de conformidade co número anterior e outorgada a escritura de execución do aumento de capital, as accións poderán ser entregadas e transmitidas.

A escritura de execución fixará o importe final do aumento de capital sen necesidade de detallar a identidade dos subscritores, e a inscrición presentarase dentro dos cinco días seguintes á data do seu outorgamento.

No suposto de que se entreguen as accións, non serán aplicables o artigo 316 nin o artigo 309.1.f).»

Doce. Os artigos 510 a 512 quedan redactados do seguinte modo:

«Artigo 510. *Emisión de obrigacións convertibles.*

Nas sociedades cotizadas, a emisión de obrigacións convertibles en accións non exixirá os informes de experto independente recollidos no número 2 do artigo 414 e na letra b) do número 2 do artigo 417 cando esta non alcance o vinte por cento do capital. A sociedade cotizada poderá, non obstante, obter voluntariamente os ditos informes. O informe dos administradores deberá xustificar a razoabilidade das condicións financeiras da emisión e a idoneidade da relación de conversión e as súas fórmulas de axuste para evitar a dilución da participación económica dos accionistas.

Artigo 511. *Delegación da facultade de excluír o dereito de subscrición preferente en caso de emisión de obrigacións convertibles.*

1. No caso de sociedades cotizadas, cando a xunta xeral delegue nos administradores a facultade de emitir obrigacións convertibles, poderá atribuírlles tamén a facultade de excluír o dereito de subscrición preferente en relación coas emisións de obrigacións convertibles que sexan obxecto de delegación, se o interese da sociedade así o exixir. En tal caso, o número máximo de accións en que poidan converterse as obrigacións atendendo á súa relación de conversión inicial, de ser fixa, ou á súa relación de conversión mínima, de ser variable, sumado ao das accións emitidas polos administradores ao abeiro da delegación prevista no

artigo 506, non poderá exceder o vinte por cento do número de accións integrantes do capital social no momento da autorización.

2. No anuncio de convocatoria da xunta xeral en que figure a proposta de delegar nos administradores a facultade de emitir obrigacións convertibles tamén deberá constar, expresamente, a proposta de exclusión do dereito de subscripción preferente. Desde a convocatoria de xunta xeral porase á disposición dos accionistas un informe dos administradores en que se xustifique a proposta de exclusión.

3. Ao acordo de emisión de obrigacións convertibles adoptado con base na delegación da xunta deberáselle xuntar o correspondente informe xustificativo dos administradores. Este informe e, se for o caso, o informe do experto independente serán postos á disposición dos accionistas e comunicados á primeira xunta xeral que se celebre tras a adopción do acordo de emisión.»

Artigo 512. *Carácter obrigatorio do regulamento da xunta xeral.*

A xunta xeral de accionistas da sociedade anónima cotizada, constituída co quórum do artigo 193 ou co superior previsto para este propósito nos estatutos, aprobará un regulamento específico para a xunta xeral. Neste regulamento poderán recollese todas aquelas materias que atinxen á xunta xeral, respectando o establecido na lei e os estatutos.»

Trece. Modifícase a letra b) e elimínase o último inciso da letra e) do artigo 518, que pasan a ter a seguinte redacción:

«b) O número total de accións e dereitos de voto na data da convocatoria, desagregados por clases de accións, se existiren. En caso de que os estatutos recollan a atribución de voto dobre por lealdade e se crease o rexistro especial a que se refire o artigo 527 septies, a información relativa ao número de dereitos de voto deberá actualizarse inmediatamente tras a finalización do prazo de lexitimación anticipada previo á reunión da xunta xeral.»

«e) No caso de nomeamento, ratificación ou reelección de membros do consello de administración, a identidade, o currículo e a categoría a que pertenza cada un deles, así como a proposta e informes a que se refire o artigo 529 decies.»

Catorce. Introdúcense dous novos artigos 520 bis e 520 ter co seguinte contido:

«Artigo 520 bis. *Transmisión de información da sociedade aos accionistas e beneficiarios últimos.*

1. As sociedades deberán entregar a seguinte información aos seus accionistas ou ao terceiro que nomee cada accionista:

a) A información que debe facilitarlles para permitirles exercer os dereitos derivados das súas accións e que vaia dirixida a todos os accionistas titulares de accións desa clase, ou

b) cando a información recollida na letra a) estea á disposición dos accionistas no sitio web da sociedade, un aviso que indique onde poden encontrar esa información.

A información debe estar redactada nunha linguaxe e estilo que faciliten a súa comprensión, concretamente nunha linguaxe clara, concisa e comprensible e accesible.

2. Para os efectos previstos no número anterior, as sociedades poderán remitir esa información:

a) Directamente a todos os seus accionistas, ou

b) indirectamente, e de maneira normalizada e en tempo oportuno, a través dos terceiros nomeados por eles, o depositario central de valores ou a entidade

intermediaria, caso en que estes estarán obrigados a remitila sen demora aos accionistas da sociedade.

3. No suposto de que a entidade lexitimada como accionista en virtude do rexistro contable das accións sexa unha entidade intermediaria que custodia as ditas accións por conta dun beneficiario último, aquela transmitirá sen demora a este último a información mencionada no número 1.

Artigo 520 ter. *Transmisión de información dos beneficiarios últimos á sociedade.*

As entidades intermediarias lexitimadas como accionistas en virtude do rexistro contable das accións transmitirán, sen dilación, á sociedade ou ao terceiro designado por ela a información relacionada co exercicio dos dereitos que recibisen directamente dos beneficiarios últimos ou doutras entidades intermediarias.»

Quince. Modifícase o artigo 521, mediante a adición dun novo número 3 coa seguinte redacción:

«Artigo 521. *Participación a distancia.*

(...)

3. No caso de que a xunta xeral da sociedade cotizada se celebre de maneira exclusivamente telemática conforme as previsións do artigo 182 bis, será preciso, ademais:

- a) Que os accionistas tamén poidan delegar ou exercer anticipadamente o voto das propostas sobre puntos comprendidos na orde do día mediante calquera dos medios previstos no número 1 anterior, e
- b) Que a acta da reunión sexa redactada por un notario.»

Dezaseis. Introdúcese un novo artigo 522 bis co seguinte contido:

«Artigo 522 bis. *Facilitación polas entidades intermediarias do exercicio dos dereitos dos beneficiarios últimos.*

1. As entidades intermediarias lexitimadas como accionistas en virtude do rexistro contable das accións, así como, no suposto previsto no artigo 497 bis.2, as restantes entidades intermediarias, facilitarán o exercicio polos beneficiarios últimos dos dereitos inherentes ás accións custodiadas por elas, incluído o dereito a participar e a votar nas xuntas xerais, e exercerán os dereitos derivados das accións segundo a autorización e as instrucións do beneficiario último e no seu interese.

2. As entidades intermediarias facilitarán o exercicio dos dereitos inherentes ás accións dos beneficiarios últimos de conformidade co Regulamento de execución (UE) 2018/1212 da Comisión, do 3 de setembro de 2018.»

Dezasete. O artigo 524 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 524. *Delegación da representación e exercicio do voto por parte de entidades intermediarias.*

1. As entidades intermediarias que aparezan lexitimadas como accionistas en virtude do rexistro contable das accións pero que actúen por conta de diversos beneficiarios últimos poderán, en todo caso, fraccionar o voto e exercelo en sentido diverxente en cumprimento de instrucións de voto diferentes, se así as recibisen.

2. As entidades intermediarias poderán delegar o voto a cada un dos beneficiarios últimos ou a terceiros designados por estes, sen que poida limitarse o número de delegacións outorgadas.»

Dezaioito. Introdúcense dous novos artigos 524 bis e 524 ter, coa seguinte redacción:

«Artigo 524 bis. *Disposicións comúns á transmisión de información e ao exercicio do voto.*

1. Cando existan varias entidades intermediarias custodiando as accións dun mesmo beneficiario último, estas transmitiránse entre si sen demora a información ou confirmación mencionadas nos artigos 520 bis, 520 ter, 522 bis, 524 e 527 bis até chegar ao dito beneficiario último ou á sociedade, salvo que a información ou confirmación poida ser transmitida directamente por unha das entidades intermediarias a estes.

2. Será de aplicación á información transmitida conforme os artigos 520 bis e 520 ter o Regulamento de execución (UE) 2018/1212 da Comisión, do 3 de setembro de 2018.

3. Regulamentariamente poderanse concretar outros aspectos técnicos e formais necesarios para garantir a aplicabilidade do disposto nos artigos 520 bis, 520 ter, 522 bis, 524 e 527 bis.

Artigo 524 ter. *Non discriminación, proporcionalidade e transparencia dos custos.*

1. As entidades intermediarias deberán publicar nas súas páxinas web todas as tarifas aplicables polos servizos prestados en virtude dos artigos 497, 497 bis, 520 bis, 520 ter, 522 bis, 524, 524 bis e 527 bis de forma individualizada para cada tipo de servizos.

2. As tarifas que cobre un intermediario aos accionistas, ás sociedades, aos beneficiarios últimos e a outras entidades intermediarias non poderán ser discriminatorias e deberán ser proporcionadas en relación cos custos reais en que incorrese para a prestación do dito servizo.

3. As diferenzas nas tarifas cobradas pola prestación dun mesmo servizo en función do Estado de orixe do cliente ou do seu representante polo exercicio dos dereitos recoñecidos nos artigos 497, 497 bis, 520 bis, 520 ter, 522 bis, 524, 524 bis e 527 bis serán válidas unicamente se están debidamente xustificadas e reflicten a variación dos custos reais en que se incorrese para a prestación dos servizos en cuestión.»

Dezanove. Introdúcese un novo artigo 527 bis coa seguinte redacción:

«Artigo 527 bis. *Confirmación de votos.*

1. Cando o voto se exercese por medios electrónicos, a sociedade estará obrigada a enviar ao accionista que emite o voto unha confirmación electrónica da recepción do seu voto.

2. Unha vez celebrada a xunta xeral e no prazo dun mes desde a súa celebración, o accionista ou o seu representante e o beneficiario último poderán solicitar unha confirmación de que os votos correspondentes ás súas accións foron rexistrados e contabilizados correctamente pola sociedade, salvo que xa dispoñan desta información. A sociedade deberá remitir esta confirmación ao accionista ou ao seu representante ou ao beneficiario último no prazo máximo establecido no Regulamento de execución (UE) 2018/1212 da Comisión, do 3 de setembro de 2018.»



Vinte. Engádesse ao título XIV, capítulo VI, sección 3.<sup>a</sup> do Real decreto legislativo 1/2010, do 2 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de sociedades de capital, unha nova subsección 4.<sup>a</sup>, co seguinte título e contido:

«Subsección 4.<sup>a</sup> Accións con voto por lealdade

Artigo 527 ter. *Previsión estatutaria de accións con voto adicional dobre por lealdade.*

1. Como excepción ao previsto nos artigos 96.2 e 188.2, os estatutos da sociedade anónima cotizada poderán modificar a proporción entre o valor nominal da acción e o dereito de voto para conferir un voto dobre a cada acción da cal fose titular un mesmo accionista durante dous anos consecutivos ininterrompidos desde a data de inscrición no libro rexistro especial recollido no artigo 527 septies.

Para estes efectos, por voto dobre enténdese o dobre dos votos que correspondan a cada unha das accións en función do seu valor nominal.

2. Os estatutos poderán ampliar pero non diminuír o período mínimo de titularidade ininterrompida previsto no número anterior para obter o voto dobre.

3. Para efectos do cómputo do período de titularidade a que se refire este artigo, considerarase que as accións asignadas gratuitamente con ocasión de ampliacións de capital terán a mesma antigüidade que as que deron dereito á dita asignación.

4. As accións con voto dobre por lealdade non constituirán unha clase separada de accións no sentido do artigo 94.

Artigo 527 quáter. *Maiorías necesarias para a súa aprobación.*

1. Para que a xunta xeral poida acordar validamente a inclusión da previsión estatutaria de voto dobre por lealdade será necesario o voto favorable de, ao menos, o sesenta por cento do capital presente ou representado na xunta, se asisten accionistas que representen o cincuenta por cento ou máis do capital total suscrito con dereito a voto, e o voto favorable do setenta e cinco por cento do capital presente ou representado, se concorren accionistas que representen o vinte e cinco por cento ou máis do capital, o que será en todo caso necesario, sen alcanzar o cincuenta por cento.

2. Os estatutos sociais poderán elevar as maiorías e quórumos previstos no número anterior.

Artigo 527 quinquies. *Cómputo do voto por lealdade.*

1. Salvo disposición estatutaria en contrario, os votos dobres por lealdade teranse en conta para efectos de determinar o quórum das xuntas de accionistas e do cómputo das maiorías de voto necesarias para a adopción de acordos.

Para estes efectos, nas sociedades cotizadas cuxos estatutos recollan a atribución de voto dobre por lealdade, o quórum de constitución da xunta xeral previsto nos artigos 193 e 194 calcularase sobre o número total de votos correspondentes ao capital suscrito con dereito a voto, incluíndo os votos dobres.

Na lista de asistentes farase constar, xunto ao carácter ou representación de cada asistente, o número de accións con que concorrán e o número de votos que corresponden ás ditas accións.

Cando os estatutos fixen con carácter xeral o número máximo de votos que pode emitir un mesmo accionista conforme o establecido no artigo 527, a dita limitación será aplicable aos accionistas titulares de accións con voto dobre por lealdade.

2. En todo caso, os votos por lealdade teranse en conta para efectos da obrigação de comunicación de participacións significativas e da normativa sobre ofertas públicas de adquisición de valores, así como para efectos do establecido no

capítulo III do título I da Lei 10/2014, do 26 de xuño, de ordenación, supervisión e solvencia de entidades de crédito.

Artigo 527 sexies. *Cláusula de extinción e eliminación da previsión estatutaria de voto por lealdade.*

A previsión estatutaria de voto dobre por lealdade deberá ser renovada nas condicións contidas no artigo 527 quáter transcorridos cinco anos desde a data de aprobación estatutaria pola xunta xeral de accionistas.

A eliminación da previsión estatutaria de voto dobre por lealdade poderá acordala en calquera momento a xunta xeral cos quórum e maiorías previstos no artigo 201.2. No caso de que transcorresen máis de dez anos desde a data de aprobación da previsión estatutaria pola xunta xeral das accións con voto dobre por lealdade, para a súa eliminación non se terán en conta no cómputo de quórum e maiorías necesarios os dereitos de voto dobres.

Artigo 527 septies. *Libro rexistro especial de accións con voto dobre.*

1. A sociedade emisora creará un libro rexistro especial de accións con voto dobre por lealdade que conterá os datos previstos no artigo 497.1. A inscrición neste libro rexistro en ningún caso afectará a titularidade e lexitimación para o exercicio dos dereitos de socio que deriven dos asentados nos rexistros contables segundo o previsto na normativa do mercado de valores.

2. Para obter a atribución do dereito de voto dobre, o accionista deberá solicitar a súa inscrición no libro rexistro especial, indicar o número de accións respecto das cales pretende o recoñecemento do dereito de voto dobre e manter a titularidade dese número de accións ininterrompidamente durante un período mínimo de dous anos desde a data de inscrición.

3. O accionista privilexiado deberá comunicar e xustificar ante a sociedade, para a súa debida constancia no libro rexistro a que se refire o número anterior, calquera transmisión de accións que minore o número de votos por lealdade inscritos ao seu nome, tanto se dá lugar á súa extinción como se non a determina, conforme o artigo 527 decies.

4. A sociedade deberá facilitar sen demora a información que conste neste libro rexistro a calquera accionista que o solicite.

5. O accionista inscrito no libro rexistro especial poderá comunicar á sociedade en calquera momento a súa renuncia total ou parcial ao voto dobre que poida corresponderlle. En tal caso, a sociedade procederá á modificación ou cancelación da inscrición correspondente con efectos desde a mesma data en que se comunique a renuncia.

6. O Regulamento (UE) n.º 2016/679 e, en xeral, a normativa de protección de datos de carácter persoal aplicarase aos tratamentos de datos persoais dos accionistas privilexiados descritos neste artigo, nos termos e condicións que se establecen no artigo 497.3

7. Os estatutos poderán desenvolver o modo en que deba acreditarse ante a sociedade a titularidade ininterrompida do número de accións, así como o modo en que deban realizarse as comunicacións de minoración de votos por lealdade e de renuncia previstas neste artigo.

8. Mediante orde da persoa titular do Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital ou, coa súa habilitación expresa, mediante circular da Comisión Nacional do Mercado de Valores, poderanse concretar outros aspectos técnicos e formais relativos ao libro rexistro complementario a que fai referencia este artigo.

Artigo 527 octies. *Voto dobre por lealdade en sociedades que soliciten a admisión a negociación nun mercado regulado.*

1. As sociedades que soliciten a admisión a negociación das súas accións nun mercado regulado poderán incluír nos seus estatutos sociais, con efectos desde a data de admisión a cotización das súas accións, a atribución de voto dobre por lealdade mediante acordo adoptado coas maiorías de constitución e votación previstas no artigo 527 quáter, creando, así mesmo, o libro rexistro especial de accións con voto dobre.

2. Os accionistas que acrediten a titularidade ininterrompida de accións durante o período mínimo de dous anos poderán inscribirse no referido libro rexistro especial con anterioridade á data de admisión a cotización. En tal caso, os accionistas que aparezan inscritos no libro rexistro especial terán atribuído o dobre voto respecto das accións a que se refira a inscrición e desde a data mesma de admisión a negociación das accións.

3. Para a atribución de voto dobre por lealdade a calquera outra acción distinta daquelas a que se atribuíse o voto dobre conforme o previsto nos dous números anteriores, será necesaria a inscrición previa no libro rexistro especial e o transcurso do período mínimo de titularidade de dous anos computado desde a data da dita inscrición nos termos previstos no número 2 do artigo 527 septies.

Artigo 527 nonies. *Cómputo e acreditación do período de lealdade.*

1. A solicitude de inscrición no libro rexistro especial deberá ir acompañada dun certificado que acredite a titularidade das accións expedido pola entidade encargada do rexistro de anotacións na conta.

2. Con anterioridade á finalización do prazo de lexitimación anticipada previo a unha reunión da xunta xeral, o accionista inscrito no rexistro especial de accións con voto dobre deberá acreditar a titularidade do número das accións con dobre voto durante un período mínimo ininterrompido de dous anos computados desde a data da súa inscrición. A acreditación deste aspecto levarase a cabo mediante a achega dun certificado expedido para tal efecto pola entidade encargada do libro rexistro de anotacións na conta.

3. As sociedades cotizadas cuxos estatutos recollan a atribución de voto dobre deberán incorporar á súa páxina web información permanentemente actualizada sobre o número de accións con voto dobre existentes en cada momento e aquelas accións inscritas pendentes de que se cumpra o período de lealdade fixado estatutariamente.

4. As sociedades cotizadas cuxos estatutos recollan a atribución de voto dobre deberán notificar á Comisión Nacional do Mercado de Valores o número de accións con voto dobre existentes en cada momento e aquelas accións inscritas pendentes de que se cumpra o período de lealdade fixado estatutariamente. A persoa titular do Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital e, coa súa habilitación, a CNMV poderán fixar as condicións en que se remitirá esta información.

Artigo 527 decies. *Transmisións das accións polo accionista con voto dobre.*

1. O voto dobre por lealdade extinguirase como consecuencia da cesión ou transmisión, directa e indirecta, polo accionista do número de accións, ou parte delas, a que está asociado o voto dobre, mesmo a título gratuito, e desde a data da cesión ou transmisión.

2. Non obstante e salvo disposición estatutaria en contrario, o voto dobre por lealdade beneficiará tamén o adquirente do número de accións a que estea asociado o voto dobre se a transmisión das accións se produce por calquera das seguintes causas, sempre e cando isto se acredite ante a sociedade:

a) Sucesión *mortis causa*, atribución de accións ao cónxuxe en caso de disolución e liquidación da sociedade de gananciais, disolución de comunidade de

bens ou outras formas de comunidade conxugal, como a doazón entre cónxuxes, persoas ligadas por análoga relación de afectividade ou entre ascendentes e descendentes, excepto cando se trate de accionistas de control, caso en que se someterá a votación a condición de accionista con voto dobre nos termos que se determinen estatutariamente.

b) Calquera modificación estrutural das previstas na Lei 3/2009, do 3 de abril, sobre modificacións estruturais das sociedades mercantís, ben se refira á sociedade accionista titular de accións con voto dobre ben se refira á sociedade emisora das accións de lealdade sempre que, neste último caso, a sociedade resultante da modificación estrutural recolla nos seus estatutos as accións con voto dobre.

c) Transmisión entre sociedades do mesmo grupo.

3. O voto adicional por lealdade beneficiará automaticamente as accións asignadas gratuitamente con ocasión de ampliacións de capital en relación con accións con voto de lealdade que xa se posúan.

Artigo 527 undecies. *Beneficiario último das accións distinto do accionista.*

1. En caso de existir un beneficiario último das accións conforme o previsto no artigo 497 bis, unicamente será necesario acreditar a titularidade ininterrompida polo período a que se refire o artigo 527 ter con respecto ao beneficiario último.

2. O voto dobre por lealdade extinguirase como consecuencia de calquera cambio de beneficiario último das accións, salvo nos supostos do artigo 527 decies.»

Vinte e un. O número 1 do artigo 529 bis queda redactado do seguinte modo:

«1. Sen prexuízo do previsto na disposición adicional décimo segunda, as sociedades cotizadas deberán ser administradas por un consello de administración que estará composto, exclusivamente, por persoas físicas.»

Vinte e dous. A letra h) do número 1 do artigo 529 ter queda redactada do seguinte modo:

«h) A aprobación das operacións vinculadas, nos supostos e termos previstos no capítulo VII bis do título XIV.»

Vinte e tres. Suprímese o número 7 do artigo 529 decies.

Vinte e catro. Engádesse unha nova letra h) e a letra g) do número 4 do artigo 529 quaterdecies queda redactada do seguinte modo:

«g) Informar sobre as operacións vinculadas que deba aprobar a xunta xeral ou o consello de administración e supervisar o procedemento interno que teña establecido a compañía para aquelas cuxa aprobación fose delegada.

h) Informar, con carácter previo, o consello de administración sobre todas as materias previstas na lei, os estatutos sociais e no regulamento do consello e, en particular,

1.º Sobre a información financeira e o informe de xestión, que incluírá, cando proceda, a información non financeira preceptiva que a sociedade deba facer pública periodicamente, e

2.º sobre a creación ou adquisición de participacións en entidades de propósito especial ou domiciliadas en países ou territorios que teñan a consideración de paraísos fiscais.

A comisión de auditoría non exercerá as funcións previstas nesta letra h) ou na anterior cando estean atribuídas estatutariamente a outra comisión e esta satisfaga os requisitos de composición previstos no número 1 do presente artigo.»

Vinte e cinco. Os artigos 529 sexdecies a 529 novodecies quedan redactados do seguinte modo:

«Artigo 529 sexdecies. *Carácter remunerado.*

Salvo disposición contraria dos estatutos, o cargo de conselleiro de sociedade cotizada será retribuído.

Artigo 529 septdecies. *Remuneración dos conselleiros pola súa condición de tal.*

1. A remuneración das funcións que están chamados a desenvolver os conselleiros na súa condición de tales, como membros do órgano colexiado ou as súas comisións, deberá axustarse ao sistema de remuneración previsto estatutariamente conforme dispón o artigo 217 e á política de remuneracións aprobada conforme o previsto no artigo 529 novodecies.

2. A política de remuneracións establecerá, cando menos, o importe máximo da remuneración anual que se satisfará ao conxunto dos conselleiros na súa condición de tales e os criterios para a súa distribución en atención ás funcións e responsabilidades atribuídas a cada un deles.

3. Corresponde ao consello de administración a fixación individual da remuneración de cada conselleiro na súa condición de tal dentro do marco estatutario e da política de remuneracións, logo de informe da comisión de nomeamentos e retribucións.

Artigo 529 octodecies. *Remuneración dos conselleiros polo desempeño de funcións executivas.*

1. A remuneración das funcións executivas dos conselleiros delegados e demais conselleiros a que se atribúan funcións desa índole en virtude doutros títulos deberá axustarse aos estatutos e, en todo caso, á política de remuneracións aprobada conforme o previsto no artigo 529 novodecies e aos contratos aprobados conforme o establecido no artigo 249.

2. A política de remuneracións establecerá, cando menos, a contía da retribución fixa anual correspondente aos conselleiros polo desempeño das súas funcións executivas e demais previsións a que se refire o artigo seguinte.

3. Corresponde ao consello de administración a determinación individual da remuneración de cada conselleiro polo desempeño das funcións executivas que teña atribuídas dentro do marco da política de remuneracións e de conformidade co previsto no seu contrato, logo de informe da comisión de nomeamentos e retribucións.

Artigo 529 novodecies. *Aprobación da política de remuneracións dos conselleiros.*

1. A política de remuneracións dos conselleiros deberá axustarse ao sistema de remuneración estatutariamente previsto e será aprobada pola xunta xeral de accionistas como punto separado da orde do día, para a súa aplicación durante un período máximo de tres exercicios. Non obstante, as propostas de novas políticas de remuneracións dos conselleiros deberán ser sometidas á xunta xeral de accionistas con anterioridade á finalización do último exercicio de aplicación da anterior, e a xunta xeral poderá determinar que a nova política sexa de aplicación desde a data mesma de aprobación e durante os tres exercicios seguintes. Calquera modificación ou substitución desta durante o dito prazo requirirá a aprobación previa da xunta xeral de accionistas conforme o procedemento establecido para a súa aprobación.

2. A política de remuneracións, xunto coa data e o resultado da votación, será accesible na páxina web da sociedade de forma gratuíta desde a súa aprobación e ao menos mentres sexa aplicable.



3. A política de remuneracións deberá cumprir os seguintes requisitos:

a) Deberá contribuír á estratexia empresarial e aos intereses e á sustentabilidade a longo prazo da sociedade e explicar de que modo o fai.

b) Resultará clara e comprensible e describirá os distintos compoñentes da remuneración fixa e variable, incluídas todas as bonificacións e outras prestacións en calquera das súas formas, que poden ser concedidas aos conselleiros, indicando a súa proporción relativa.

c) Exporá de que forma se tiveron en conta as condicións de retribución e emprego dos traballadores da sociedade ao fixar a política de remuneracións.

d) Cando unha sociedade conceda remuneración variable, a política de remuneracións establecerá criterios claros, completos e variados para esa concesión e sinalará os criterios de rendemento financeiro e non financeiro, incluídos, se for o caso, os relativos á responsabilidade social das empresas, explicando a forma en que contribúen á consecución dos obxectivos establecidos na letra a), e os métodos que deben aplicarse para determinar en que medida se cumpriron os criterios de rendemento.

e) Informará sobre calquera período de deferimento e sobre a posibilidade que teña a sociedade de exixir a devolución da remuneración variable.

f) Cando a sociedade conceda remuneración baseada en accións, a política especificará os períodos de devindicación así como, se for o caso, a retención das accións tras a consolidación, e explicará a forma en que a dita remuneración contribúe á consecución dos obxectivos establecidos na letra a).

g) Sinalará a duración dos contratos ou acordos cos conselleiros, os prazos de aviso previo aplicables, as principais características dos sistemas de pensión complementaria ou xubilación anticipada, as condicións de terminación e os pagamentos vinculados a esta.

h) Explicará o proceso de toma de decisións que se seguiu para a súa determinación, revisión e aplicación, incluídas as medidas destinadas a evitar ou xestionar os conflitos de interese e, se for o caso, a función da comisión de nomeamentos e retribucións e das demais comisións que puidesen ter intervido.

i) En caso de revisión da política, describiranse e explicaranse todos os cambios significativos e como se tiveron en conta as votacións realizadas e os puntos de vista recibidos dos accionistas sobre a política e os informes anuais de remuneracións de conselleiros desde a data da votación máis recente que tivese lugar sobre a política de remuneracións na xunta xeral de accionistas.

4. A proposta da política de remuneracións do consello de administración será motivada e deberá acompañarse dun informe específico da comisión de nomeamentos e retribucións. Ambos os documentos se porán á disposición dos accionistas na páxina web da sociedade desde a convocatoria da xunta xeral, os cales poderán solicitar, ademais, a súa entrega ou envío gratuíto. O anuncio da convocatoria da xunta xeral fará mención deste dereito.

5. Calquera remuneración que perciban os conselleiros polo exercicio ou terminación do seu cargo e polo desempeño de funcións executivas será acorde coa política de remuneracións dos conselleiros vixente en cada momento, salvo as remuneracións que expresamente aprobese a xunta xeral de accionistas.

6. As sociedades poderán aplicar excepcións temporais á política de remuneracións, sempre que na dita política consten o procedemento que se vai utilizar e as condicións en que se pode recorrer a esas excepcións, e se especifiquen os compoñentes da política que poidan ser obxecto de excepción.

As circunstancias excepcionais mencionadas neste número só cubrirán situacións en que a excepción da política de remuneracións sexa necesaria para servir os intereses a longo prazo e a sustentabilidade da sociedade no seu conxunto ou para asegurar a súa viabilidade.

7. Sen prexuízo do que establece o número 1 deste artigo:

a) Se a proposta dunha nova política de remuneracións é rexeitada pola xunta xeral de accionistas, a sociedade continuará remunerando os seus conselleiros de conformidade coa política de remuneracións en vigor na data de celebración da xunta xeral e deberá someter á aprobación da seguinte xunta xeral ordinaria de accionistas unha nova proposta de política de remuneracións; e

b) se o informe anual sobre remuneracións dos conselleiros é rexeitado na votación consultiva da xunta xeral ordinaria, a sociedade só poderá seguir aplicando a política de remuneracións en vigor na data de celebración da xunta xeral até a seguinte xunta xeral ordinaria.»

Vinte e seis. Introdúcese un novo capítulo VII bis no título XIV, que comprenderá os artigos 529 vicies a 529 tercies, co seguinte contido:

#### «CAPÍTULO VII bis

##### Operacións vinculadas

Artigo 529 vicies. *Definición de operacións vinculadas.*

1. Para os efectos do establecido neste capítulo, entenderanse por operacións vinculadas aquelas realizadas pola sociedade ou polas súas sociedades dependentes con conselleiros, con accionistas titulares dun 10 % ou máis dos dereitos de voto ou representados no consello de administración da sociedade, ou con calquera outra persoa que deba considerarse parte vinculada consonte as Normas internacionais de contabilidade, adoptadas de conformidade co Regulamento (CE) 1606/2002 do Parlamento Europeo e do Consello, do 19 de xullo de 2002, relativo á aplicación de normas internacionais de contabilidade.

2. Como excepción ao previsto no número anterior, non terán a consideración de operacións vinculadas:

a) As operacións realizadas entre a sociedade e as súas sociedades dependentes integramente participadas, directa ou indirectamente, sen prexuízo do previsto no artigo 231 bis.

b) A aprobación polo consello dos termos e condicións do contrato que se subscribirá entre a sociedade e calquera conselleiro que vaia desempeñar funcións executivas, incluído o conselleiro delegado, ou altos directivos, así como a determinación polo consello dos importes ou retribucións concretas que hai que aboar en virtude dos ditos contratos, sen prexuízo do deber de abstención do conselleiro afectado previsto no artigo 249.3.

c) As operacións celebradas por entidades de crédito baseándose en medidas destinadas á salvagarda da súa estabilidade, adoptadas pola autoridade competente responsable da supervisión prudencial no sentido do dereito da Unión Europea.

3. Tampouco terán a consideración de operacións con partes vinculadas as que realice unha sociedade coas súas sociedades dependentes ou participadas, sempre que ningunha outra parte vinculada á sociedade teña intereses nas ditas entidades dependentes ou participadas.

Artigo 529 unvicies. *Publicación de información sobre operacións vinculadas.*

1. As sociedades deberán anunciar publicamente, como máis tarde no momento da súa celebración, as operacións vinculadas que realice esta ou sociedades do seu grupo e que alcancen ou superen:

a) o 5 por cento do total das partidas do activo ou

b) o 2,5 por cento do importe anual da cifra anual de negocios.

2. O anuncio deberá inserirse nun lugar facilmente accesible da páxina web da sociedade e será comunicado á Comisión Nacional do Mercado de Valores para a súa difusión pública.

3. Ao anuncio deberá xuntarse o informe da comisión de auditoría a que fai referencia o artigo 529 duovicies.3 e deberá incluír, como mínimo, a seguinte información:

- a) Información sobre a natureza da operación e da relación coa parte vinculada,
- b) a identidade da parte vinculada,
- c) a data e o valor ou importe da contraprestación da operación e
- d) aqueloutra información necesaria para valorar se esta é xusta e razoable desde o punto de vista da sociedade e dos accionistas que non sexan partes vinculadas.

4. O previsto no presente artigo entenderase sen prexuízo das normas sobre difusión pública da información privilexiada establecidas no artigo 17 do Regulamento (UE) n.º 596/2014 do Parlamento Europeo e do Consello.

Artigo 529 duovicies. *Aprobación das operacións vinculadas.*

1. A competencia para aprobar as operacións vinculadas cuxo importe ou valor sexa igual ou superior ao 10 % do total das partidas do activo segundo o último balance anual aprobado pola sociedade corresponderá á xunta xeral de accionistas. Cando a xunta xeral estea chamada a pronunciarse sobre unha operación vinculada, o accionista afectado estará privado do dereito de voto, salvo nos casos en que a proposta de acordo fose aprobada polo consello de administración sen o voto en contra da maioría dos conselleiros independentes. Non obstante, cando proceda, será de aplicación a regra do investimento da carga da proba prevista no artigo 190.3.

2. A competencia para aprobar o resto das operacións vinculadas corresponderá ao consello de administración, que non poderá delegala. O conselleiro afectado ou o que represente ou estea vinculado ao accionista afectado deberá absterse de participar na deliberación e votación do acordo correspondente, de conformidade co artigo 228.c). Non obstante, non deberán absterse os conselleiros que representen ou estean vinculados á sociedade matriz no órgano de administración da sociedade cotizada dependente, sen prexuízo de que, en tales casos, se o seu voto foi decisivo para a adopción do acordo, será de aplicación a regra de investimento da carga da proba en termos análogos aos previstos no artigo 190.3.

3. A aprobación pola xunta ou polo consello dunha operación vinculada deberá ser obxecto de informe previo da comisión de auditoría. No seu informe, a comisión deberá avaliar se a operación é xusta e razoable desde o punto de vista da sociedade e, se for o caso, dos accionistas distintos da parte vinculada, e dar conta dos orzamentos en que se basea a avaliación e dos métodos utilizados. Na elaboración do informe non poderán participar os conselleiros afectados.

4. Non obstante o disposto nos números 2 e 3 anteriores, o consello de administración poderá delegar a aprobación das seguintes operacións vinculadas:

- a) operacións entre sociedades que formen parte do mesmo grupo que se realicen no ámbito da xestión ordinaria e en condicións de mercado,
- b) operacións que se concerten en virtude de contratos cuxas condicións estandarizadas se apliquen en masa a un elevado número de clientes, que as realice a prezos ou tarifas establecidos con carácter xeral quen actúe como subministrador do ben ou servizo de que se trate e cuxa contía non supere o 0,5 por cento do importe neto da cifra de negocios da sociedade.

A aprobación das operacións vinculadas a que se refire este número 4 non requirirá de informe previo da comisión de auditoría. Non obstante, o consello de administración deberá establecer en relación con elas un procedemento interno de

información e control periódico no cal deberá intervir a comisión de auditoría e que verificará a equidade e transparencia das ditas operacións e, se for o caso, o cumprimento dos criterios legais aplicables ás anteriores excepcións.

Artigo 529 tervicies. *Regras de cálculo.*

1. As operacións vinculadas que se celebren coa mesma contraparte nos últimos doce meses agregaranse para determinar o valor total para efectos do previsto nas normas aplicables contidas na presente lei.

2. As referencias realizadas neste capítulo ao total das partidas do activo ou cifra anual de negocios entenderanse realizadas aos valores reflectidos nas últimas contas anuais consolidadas ou, na súa falta, ás últimas contas anuais individuais da sociedade cotizada aprobadas pola xunta xeral.»

Vinte e sete. O artigo 538 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 538. *Inclusión do informe de goberno corporativo e de remuneracións no informe de xestión.*

As sociedades que emitisen valores admitidos a cotización nun mercado regulado de calquera Estado membro da Unión Europea incluírán no informe de xestión, nunha sección separada, o informe de goberno corporativo. As sociedades anónimas cotizadas deberán incluír, xunto con aquel, así mesmo, o informe anual sobre remuneracións dos conselleiros.»

Vinte e oito. Introdúcense dous novos parágrafos 3.º e 4.º na letra c) do número 4 do artigo 540, coa seguinte redacción; e renuméranse o parágrafo 3.º como parágrafo 5.º, o parágrafo 4.º como parágrafo 6.º, o parágrafo 5.º como parágrafo 7.º e o parágrafo 6.º como parágrafo 8.º:

«3.º Detalle dos cargos de conselleiro, administrador ou director, ou representante deles, que desempeñen os conselleiros ou representantes de conselleiros membros do consello de administración da sociedade noutras entidades, trátase ou non de sociedades cotizadas.

4.º Información sobre as demais actividades retribuídas dos conselleiros ou representantes dos conselleiros membros do consello de administración da sociedade, calquera que sexa a súa natureza, distintas das sinaladas no número anterior.»

Vinte e nove. O artigo 541 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 541. *Informe anual sobre remuneracións dos conselleiros.*

1. O consello de administración das sociedades anónimas cotizadas deberá elaborar e publicar anualmente un informe sobre remuneracións dos conselleiros, incluíndo as que perciban ou deban percibir na súa condición de tales e, se for o caso, polo desempeño de funcións executivas.

2. O informe anual sobre remuneracións dos conselleiros deberá incluír información completa, clara e comprensible sobre a política de remuneracións dos conselleiros aplicable ao exercicio en curso. Incluírá, tamén, un resumo global sobre a aplicación da política de remuneracións durante o exercicio cerrado, así como o detalle das remuneracións individuais devindicadas por todos os conceptos por cada un dos conselleiros no dito exercicio.

3. O informe anual sobre remuneracións dos conselleiros difundirao como outra información relevante a sociedade de forma simultánea ao informe anual de goberno corporativo e manterase accesible na páxina web da sociedade e da Comisión Nacional do Mercado de Valores de forma gratuíta durante un período mínimo de dez anos. A sociedade e a CNMV poderán manter o informe accesible ao

público durante máis tempo e deberán facelo cando un acto legislativo sectorial da Unión Europea estableza un período de tempo máis longo. En ambos os casos o dito informe xa non poderá conter datos persoais dos administradores.

4. O informe anual sobre remuneracións dos conselleiros someterase a votación, con carácter consultivo e como punto separado da orde do día, á xunta xeral ordinaria de accionistas.

5. A persoa titular do Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital ou, coa súa habilitación expresa, a Comisión Nacional do Mercado de Valores determinará o contido e estrutura do informe anual sobre remuneracións dos conselleiros, así como o papel desempeñado, se for o caso, pola comisión de retribucións.

Formará parte do dito contido, cando sexa de aplicación, a seguinte información sobre a remuneración de cada administrador:

a) a remuneración total devindicada no exercicio desagregada nos seus compoñentes, a proporción relativa da remuneración fixa e variable, unha explicación da forma en que a remuneración total devindicada cumpre a política de remuneracións obxecto de aplicación e previamente adoptada, en particular como contribúe ao rendemento sustentable e a longo prazo da sociedade, e información sobre a maneira en que se aplicaron os criterios de rendemento,

b) o importe total anual devindicado e a variación experimentada no ano das seguintes categorías: a remuneración do conselleiro, o rendemento da sociedade e a remuneración media sobre unha base equivalente a tempo completo dos traballadores da sociedade distintos dos administradores durante ao menos os cinco exercicios máis recentes, presentadas de maneira conxunta de modo que resulte posible establecer comparacións,

c) toda remuneración procedente de calquera empresa pertencente ao mesmo grupo,

d) o número de accións e de opcións sobre accións ou calquera outro instrumento financeiro cuxo valor estea referenciado ao valor das accións concedidos ou ofrecidos e as principais condicións para o exercicio dos dereitos, incluídos o prezo e a data de exercicio, así como calquera modificación delas,

e) información sobre o uso da posibilidade de exixir a devolución da remuneración variable, e

f) información sobre toda desviación do procedemento para a aplicación da política de remuneracións a que se refire o artigo 529 novodécies.2 e toda excepción que se aplique de conformidade co artigo 529 novodécies.5, incluída a explicación do carácter das circunstancias excepcionais e a indicación dos compoñentes específicos que son obxecto de excepción.

6. O informe sobre remuneracións non incluírá, polo que respecta a cada administrador, categorías especiais de datos persoais no sentido do artigo 9.1 do Regulamento (UE) n.º 2016/679, nin datos persoais relativos á súa situación familiar. Sen prexuízo de que os importes relativos a estes conceptos se inclúan formando parte do importe total de remuneracións devindicadas, evitarase, para tal efecto, desagregar aqueles conceptos retributivos específicos que poidan levar a coñecer estes datos persoais dotados de especial protección.

Os datos persoais dos administradores incluíranse no informe sobre remuneracións co fin de aumentar a transparencia das sociedades no que respecta á remuneración dos administradores, con miras a reforzar a rendición de contas destes e a supervisión dos accionistas sobre a dita remuneración, e o seu tratamento axustarase plenamente ao establecido pola normativa de protección de datos de carácter persoal e non poderán utilizarse para finalidades distintas das establecidas neste artigo.



As sociedades deixarán de dar acceso público aos datos persoais dos administradores incluídos no informe a que se refire este número transcorridos 10 anos desde a súa publicación.»

Trinta. A disposición adicional sétima queda redactada do seguinte modo:

«Disposición adicional sétima. *Competencias supervisoras da Comisión Nacional do Mercado de Valores.*

1. As disposicións contidas nos artigos 497, 497 bis, 512, 513, 514, 515, 516, 517, 520 bis, 520 ter, 522 bis, 524 bis, 524 ter, 525.2, 526, 527.bis.2, 527 septies, 528, 529, 529 quaterdecies, 529 quindecies, 529 unvicies, 530, 531, 532, 533, 534, 538, 539, 540 e 541 do título XIV forman parte das normas de ordenación e disciplina do mercado de valores, cuxa supervisión corresponde á Comisión Nacional do Mercado de Valores, de conformidade co disposto no título VIII da Lei do mercado de valores, aprobado polo Real decreto lexislativo 4/2015, do 23 de outubro.

A Comisión Nacional do Mercado de Valores será competente para incoar e instruír os expedientes sancionadores a que dean lugar os incumprimentos das obrigacións establecidas nos artigos indicados no parágrafo anterior, de acordo co disposto no título VIII do texto refundido da Lei do mercado de valores, aprobado polo Real decreto lexislativo 4/2015, do 23 de outubro.»

Trinta e un. A disposición adicional novena queda redactada do seguinte modo:

«Disposición adicional novena. *Comisións do consello de administración.*

O réxime en materia de comisións do consello de administración, comisión de auditoría e comisión de nomeamentos e retribucións contido, respectivamente, nos artigos 529 terdecies, 529 quaterdecies e 529 quindecies resultará tamén de aplicación ás sociedades de capital emisoras de valores distintos das accións admitidos a negociación en mercados regulados. Non obstante, non estarán obrigadas a constituír comisión de nomeamentos e retribucións as sociedades de capital emisoras de valores que estean exentas de constituír comisión de auditoría de conformidade coa normativa aplicable».

Trinta e dous. Introdúcense unhas novas disposicións adicionais décimosegunda a décimo quinta, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional décimo segunda. *Especialidades en relación coas entidades integrantes do sector público.*

1. Como excepción ao disposto no artigo 529 bis.1, poderán ser membros do consello de administración aquelas persoas xurídicas que pertencen ao sector público e accedan ao consello de administración en representación dunha parte do capital social. Ás persoas físicas que sexan designadas representantes destes conselleiros seralles de aplicación o disposto no artigo 529 decies. A proposta de representante persoa física deberá someterse ao informe da comisión de nomeamentos e retribucións.

2. Para efectos de agregar as operacións realizadas polas sociedades mercantís estatais cotizadas cunha mesma parte vinculada segundo o artigo 529 tervicies, entenderase por unha mesma parte vinculada a cada unha das administracións, entidades e entes individualmente considerados que integran o sector público, de conformidade co artigo 2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

3. As operacións que realicen as entidades integrantes do sector público, en condicións normais de mercado, cun adxudicatario considerado parte vinculada, tras un procedemento de adxudicación levado a cabo con publicidade e

concorrenza, de acordo coa normativa pública de contratación non estarán sometidas ao réxime de publicidade e aprobación de operacións con partes vinculadas establecidas nos artigos 529 univicies e 529 duovicies da Lei de sociedades de capital.

Disposición adicional decimo terceira. *Sociedades anónimas con accións admitidas a negociación en sistemas multilaterais de negociación.*

Serán de aplicación ás sociedades anónimas con accións admitidas a negociación en sistemas multilaterais de negociación as normas contidas nos capítulos II, III, IV e V do título XIV da presente lei.

Disposición adicional décimo cuarta. *Aumentos de capital con oferta de subscripción previa á cotización da sociedade en mercados regulados ou sistemas multilaterais de negociación.*

As normas contidas no capítulo III do título XIV da presente lei serán de aplicación aos aumentos de capital ofrecidos a unha pluralidade de investidores e encamiñados a incrementar a difusión das accións da sociedade con carácter previo á súa admisión a negociación en mercados regulados ou á súa incorporación a sistemas multilaterais de negociación. As referencias ao valor razoable entenderanse feitas ao prezo fixado na oferta de subscripción, salvo que, polo reducido número de subscritores ou por outras circunstancias, non estea xustifico presumir que o dito prezo se corresponde co valor de mercado.

Disposición adicional décimo quinta. *Límite aplicable a entidades de crédito no caso de delegación da facultade de excluír o dereito de subscripción preferente para a emisión de obrigacións convertibles.*

O límite do vinte e cinco por cento do número de accións integrantes do capital social no momento da autorización previsto no artigo 511 non será de aplicación ás emisións de obrigacións convertibles que realicen as entidades de crédito, sempre que estas emisións cumpran cos requisitos previstos na parte segunda, título I, capítulo 3, sección 1, do Regulamento (UE) 575/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de xuño de 2013, sobre os requisitos prudenciais das entidades de crédito e as empresas de investimento, e polo que se modifica o Regulamento (UE) n.º 648/2012, para que as obrigacións convertibles emitidas poidan ser consideradas instrumentos de capital de nivel 1 adicional da entidade de crédito emisora.»

#### Artigo cuarto.

Introdúcense dous novos artigos 67 bis e 67 ter na Lei 22/2014, do 12 de novembro, pola que se regulan as entidades de capital risco, outras entidades de investimento colectivo de tipo cerrado e as sociedades xestoras de entidades de investimento colectivo de tipo cerrado, e pola que se modifica a Lei 35/2003, do 4 de novembro, de institucións de investimento colectivo, coa seguinte redacción:

«Artigo 67 bis. *Política de implicación.*

1. As SXEIC desenvolverán e porán en coñecemento do público unha política de implicación que describa como integran a implicación dos accionistas na súa política de investimento en caso de investimentos por conta das ECR e EIC xestionadas en accións admitidas a negociación nun mercado regulado que estea situado ou opere nun Estado membro. Esta política describirá como se leva a cabo o seguimento das sociedades en que invisten no referente, entre outras cuestións, á estratexia, ao rendemento financeiro e non financeiro e aos riscos, á estrutura do capital, ao impacto social e ambiental e ao goberno corporativo. Esta política tamén describirá como se desenvolven diálogos coas sociedades en que invisten, exercen os dereitos de voto e

outros dereitos asociados ás accións, cooperan con outros accionistas, se comunican con grupos de interese importantes das sociedades en que invisten e xestionan conflitos de interese reais e potenciais en relación coa súa implicación.

2. As sociedades xestoras publicarán, con carácter anual, como se aplicou a súa política de implicación, incluídas unha descrición xeral do seu comportamento en relación cos seus dereitos de voto, unha explicación das votacións máis importantes e, se for o caso, do recurso aos servizos de asesores de voto.

3. As sociedades xestoras publicarán o sentido do seu voto nas xuntas xerais das sociedades en que posúen accións. Esta publicación poderá excluír os votos que son insignificantes debido ao obxecto da votación ou á dimensión da participación na sociedade.

4. A información mencionada nos números 1, 2 e 3 estará dispoñible publicamente de forma gratuíta no sitio web da sociedade xestora.

5. As obrigacións relativas aos conflitos de interese reguladas no artigo 59.1. d) serán, así mesmo, aplicables ás actividades de implicación.

6. En caso de que as sociedades xestoras decidan non cumprir con unha ou con máis das obrigacións reguladas nos números anteriores, deberase publicar unha explicación clara e motivada sobre as razóns para isto.

*Artigo 67 ter. Obrigacións de información da SXEIC cando presta servizos de xestión de activos de entidades aseguradoras ou plans e fondos de pensións.*

1. As SXEIC que invistan en accións admitidas a negociación nun mercado regulado que estea situado ou opere nun Estado membro en nome de entidades aseguradoras ou plans e fondos de pensións de emprego porán anualmente en coñecemento das entidades aseguradoras ou plans e fondos de pensións de emprego con que conclúsen acordos de xestión de activos a forma en que a súa estratexia de investimento e a súa aplicación se axustan ao dito acordo e contribúen ao rendemento a medio e longo prazo dos activos das ditas entidades ou plans e fondos de pensións. Non será necesario cando tal información se encontre á disposición do público ou se inclúise no informe anual que deben elaborar as SXEIC. Nestes casos, deberán indicar o lugar en que está dispoñible a dita información.

2. As SXEIC incluírán información sobre os principais riscos a medio e longo prazo asociados aos investimentos, á composición da carteira, á rotación e aos custos de rotación, ao uso de asesores de voto para fins de actividades de implicación e á súa política de préstamo de valores e ao modo en que se aplica para cumprir as súas actividades de implicación, se procede, en particular na xunta xeral das sociedades en que se inviste.

3. Tamén incluírán información sobre:

a) Se adoptaron, e, en tal caso, como, decisións sobre investimentos baseadas na avaliación do rendemento a medio e longo prazo das sociedades en que se inviste, incluído o rendemento non financeiro, e

b) sobre se se produciron conflitos de interese en relación coas actividades de implicación e, en tal caso, que conflitos e como os resolveron.»

#### **Artigo quinto.**

A Lei 22/2015, do 20 de xullo, de auditoría de contas, queda modificada como segue:

Un. A letra f) do artigo 5.1 queda redactada do seguinte modo:

«f) Unha opinión sobre a concordancia ou non do informe de xestión coas contas correspondentes ao mesmo exercicio, no caso de que o citado informe de xestión acompañe as contas anuais. Así mesmo, incluírase unha opinión sobre se o contido e presentación do dito informe de xestión é conforme co requirido pola

normativa que resulte de aplicación, e indicaranse, se for o caso, as incorreccións materiais que se detectasen a este respecto.

Non obstante, o disposto no parágrafo anterior non será de aplicación nos seguintes supostos:

1.º No caso de auditorías de contas consolidadas de sociedades a que se refire o artigo 49.5 do Código de comercio e de contas anuais individuais de sociedades referidas no artigo 262.5 do texto refundido da Lei de sociedades de capital, en relación co estado de información non financeira mencionado nos citados artigos, ou, se for o caso, co informe separado correspondente ao mesmo exercicio a que se faga referencia no informe de xestión, que inclúa a información que se exige para o dito estado no artigo 49.6 do Código de comercio, conforme o previsto no número 7 do mesmo artigo.

En ambos os supostos, o auditor deberá comprobar unicamente que o citado estado de información non financeira se encontre incluído no informe de xestión ou, se for o caso, se incorporase neste a referencia correspondente ao informe separado na forma prevista nos artigos mencionados no parágrafo anterior. No caso de que non fose así, indicarao no informe de auditoría.

2.º No caso de auditorías de contas de entidades emisoras de valores admitidos a negociación en mercados regulados, en relación coa información contida no artigo 540.4. letra a), 3.º, letra c), 2.º e 4.º a 6.º, e letras d), e), f) e g), do texto refundido da Lei de sociedades de capital, e, para as sociedades cotizadas definidas no artigo 495 do dito texto refundido, adicionalmente á información anterior, o informe anual de remuneracións dos conselleiros, contido no artigo 541 do mesmo texto refundido.

En ambos os supostos, o auditor deberá comprobar unicamente que a información mencionada no parágrafo anterior, para as entidades emisoras de valores e para as sociedades cotizadas, se facilitou nos informes correspondentes e estes foron incorporados ao informe de xestión. No caso de que non fose así, indicarao no informe de auditoría.»

Dous. Suprímese o número 2 do artigo 35.

Tres. O segundo parágrafo do artigo 78.3 queda redactado do seguinte modo:

«No caso de que a auditoría se realizase a unha entidade de interese público, farase referencia expresa ao incumprimento dos requisitos establecidos no artigo 10 do Regulamento (UE) n.º 537/2014, do 16 de abril, e no artigo 5.1.f).»

Catro. Modifícanse as letras b) e d) do número 3 da disposición adicional terceira da Lei 22/2015, do 20 de xullo, de auditoría de contas, que quedan redactadas da seguinte forma:

«b) As entidades de interese público previstas no artigo 3.5. b) que sexan pequenas e medianas, sempre que as súas funcións sexan asumidas polo órgano de administración.»

«d) As entidades de interese público que sexan dependentes, de acordo co previsto no artigo 42 do Código de comercio, doutras entidades de interese público, sempre que a comisión de auditoría da entidade dominante asuma tamén, no ámbito das dependentes a que se refire este punto, as funcións propias de tal comisión e calquera outra que puidese atribuírselle, e cando concorra algún dos seguintes requisitos:

1.º Que as entidades dependentes estean integramente participadas pola entidade dominante, ou

2.º Que a aplicación desta excepción fose aprobada pola xunta de accionistas da sociedade dependente por unanimidade.

As entidades de interese público a que se refire este número farán públicos na súa páxina web os motivos polos que consideran que non é adecuado dispor dunha comisión de auditoría ou dun órgano de administración ou supervisión encargado de realizar as funcións da comisión de auditoría.»

Cinco. Introdúcese unha nova letra e) no número 3 da disposición adicional terceira da Lei 22/2015, do 20 de xullo, de auditoría de contas, coa seguinte redacción:

«e) As entidades de interese público que sexan entidades públicas empresariais, das previstas no artigo 103 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, sempre que as súas funcións sexan asumidas polo órgano de administración.»

**Artigo sexto.** *Modificación do texto refundido da Lei do mercado de valores, aprobado polo Real decreto lexislativo 4/2015, do 23 de outubro.*

Modifícase o texto refundido da Lei do mercado de valores, aprobado polo Real decreto lexislativo 4/2015, do 23 de outubro, nos seguintes termos:

Un. O artigo 7 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 7. *Documento da emisión.*

1. A representación de valores por medio de anotacións na conta requirirá a elaboración pola entidade emisora dun documento en que constará a información necesaria para a identificación dos valores integrados na emisión.

No caso de valores participativos, o citado documento será elevado a escritura pública e poderá ser a escritura de emisión.

No caso de valores non participativos, a elevación a escritura pública do documento da emisión será potestativa. Este documento poderá ser substituído por algún dos seguintes documentos, que pasarán a ter consideración de documento da emisión:

a) O folleto informativo aprobado e rexistrado pola Comisión Nacional do Mercado de Valores, de acordo co disposto nesta lei.

b) A publicación das características da emisión no boletín oficial correspondente, no caso das emisións de débeda do Estado ou das comunidades autónomas, así como naqueloutros supostos en que se encontre establecido.

c) A certificación expedida polas persoas facultadas conforme a normativa vixente, no caso de emisións que vaian ser obxecto de admisión a negociación nun sistema multilateral de negociación establecido en España, de acordo co disposto no artigo 41.4.

Entenderase por valores participativos as accións e os valores negociables equivalentes ás accións, así como calquera outro tipo de valores negociables que dean dereito a adquirir accións ou valores equivalentes ás accións, pola súa conversión ou polo exercicio dos dereitos que confiren, a condición de que eses valores sexan emitidos polo emisor das accións subxacentes ou por unha entidade que pertenza ao grupo do emisor.

2. A entidade emisora deberá depositar unha copia do documento da emisión e as súas modificacións ante a entidade encargada do rexistro contable. Cando se trate de valores admitidos a negociación nun mercado regulado ou nun sistema multilateral de negociación, deberá depositarse tamén unha copia ante o seu organismo reitor.

3. A entidade emisora e a encargada do rexistro contable deberán ter en todo momento á disposición dos titulares e do público interesado en xeral unha copia do referido documento.

4. O contido dos valores representados por medio de anotacións na conta virá determinado polo documento da emisión.

5. Non será precisa a elaboración do documento da emisión para os instrumentos financeiros que se negocien en mercados regulados de futuros e opcións nin nos demais supostos, e coas condicións que, se for o caso, se determinen regulamentariamente.»

Dous. O número 2 do artigo 33 queda redactado do seguinte modo:

«2. O emisor deberá estar validamente constituído de acordo coa lexislación do país en que estea domiciliado e deberá estar operando de conformidade coa súa escritura de constitución e estatutos ou documentos equivalentes.

Adicionalmente, os valores deberán respectar o réxime xurídico a que estean sometidos e, nos casos en que o emisor estea obrigado a elaborar un folleto conforme o disposto no Regulamento (UE) n.º 2017/1129 do Parlamento Europeo e do Consello, do 14 de xuño de 2017, sobre o folleto que debe publicarse en caso de oferta pública ou admisión a cotización de valores nun mercado regulado e polo que se derroga a Directiva 2003/71/CE, a colocación deberá axustarse ás condicións recollidas nel.»

Tres. Suprímese o número 3 do artigo 33.

Catro. O artigo 34 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 34. *Obrigación de publicar folleto informativo.*

Sen prexuízo do disposto nos números 4 e 5 do artigo 1 do Regulamento (UE) n.º 2017/1129, os valores unicamente poderán ofertarse ao público ou admitirse a cotización nun mercado regulado tras a publicación previa dun folleto de conformidade co mencionado regulamento.

O folleto a que se refire o parágrafo anterior non será exixible no caso de ofertas ao público ou admisións a negociación en mercados regulados de notas promisorias con prazo de vencemento inferior a 365 días.

Conforme o disposto no artigo 3.2 do Regulamento (UE) n.º 2017/1129 do Parlamento Europeo e do Consello, do 14 de xuño de 2017, non existirá obrigación de publicar un folleto cando as ofertas de valores non estean suxeitas a notificación, de conformidade co artigo 25 do dito regulamento, e o importe total de cada unha desas ofertas na Unión sexa inferior a oito millóns de euros, límite que se calculará sobre un período de doce meses.

No caso das entidades de crédito, non existirá obrigación de publicar un folleto cando as ofertas de valores non estean suxeitas a notificación, de conformidade co artigo 25 do dito regulamento, e o importe total de cada unha desas ofertas na Unión sexa inferior a cinco millóns de euros, límite que se calculará sobre un período de doce meses.»

Cinco. O artigo 35 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 35. *Obrigacións relativas á colocación de determinadas emisións.*

Cando se trate de colocación de emisións non suxeitas á obrigación de publicar folleto por tratarse de notas promisorias con prazo de vencemento inferior a 365 días, ir dirixidas a menos de cento cincuenta investidores por Estado membro excluídos os investidores cualificados, por requirirse un investimento mínimo igual ou superior a cen mil euros ou por ser o seu importe total na Unión Europea inferior a oito millóns de euros, calculado nun período de doce meses, que se dirixan ao público en xeral empregando calquera forma de comunicación publicitaria, deberá intervir unha entidade autorizada para prestar servizos de investimento. A actuación desta entidade deberá incluír, ao menos, a validación da información que se entregará aos investidores e a supervisión de modo xeral do proceso de



comercialización. Non será de aplicación esta obrigaón ao exercicio da actividade propia das plataformas de financiamento participativo debidamente autorizadas. Adicionalmente, a CNMV poderá exixir que estas colocacións, atendendo á complexidade do emisor ou do instrumento financeiro en cuestión, cumpran coa obrigaón de publicar folleto.»

Seis. O artigo 36 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 36. *Requisitos de información para a admisión a negociación nun mercado regulado.*

1. A admisión a negociación de valores nun mercado regulado non requirirá autorización administrativa previa. Non obstante, estará suxeita ao cumprimento previo dos requisitos seguintes:

- a) A achega e rexistro na CNMV dos documentos que acrediten a suxeición do emisor e dos valores ao réxime xurídico que lles sexa aplicable.
- b) A achega e rexistro na CNMV dos estados financeiros do emisor preparados e auditados de acordo coa lexislación aplicable ao dito emisor. Regulamentariamente, determinarase o número de exercicios que deben comprender os estados financeiros.
- c) En caso de resultar exixible, a achega, a aprobación e o rexistro na CNMV dun folleto, así como a súa publicación.

2. O procedemento para a admisión de valores a negociación nos mercados regulados deberá facilitar que os valores se negocien dun modo equitativo, ordenado e eficiente. Regulamentariamente, determinarase o dito procedemento.

3. A publicidade relativa á admisión a negociación nun mercado regulado e ás ofertas públicas de valores axustarase ao disposto no artigo 22 do Regulamento (UE) n.º 2017/1129 do Parlamento Europeo e do Consello, do 14 de xuño de 2017, e 240 desta lei.

4. Ás ofertas públicas de venda ou subscripción de valores non exceptuadas da obrigaón de publicar un folleto informativo aplicaráselles o previsto no número 1 deste artigo coas adaptacións e excepcións que regulamentariamente se determinen.»

Sete. Suprímese o artigo 37, que queda sen contido.

Oito. O artigo 38 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 38. *Responsabilidade do folleto.*

1. A responsabilidade da información que figura no folleto deberá recaer, ao menos, sobre o emisor, o oferente ou a persoa que solicita a admisión a negociación nun mercado regulado e os administradores dos anteriores.

Así mesmo, serán responsables os seguintes suxeitos:

- a) O garante dos valores en relación coa información que debe elaborar.
- b) A entidade directora respecto dos labores de comprobación que realice.
- c) Aqueloutras persoas que acepten asumir responsabilidade polo folleto, sempre que así conste no dito documento, e aqueloutras non incluídas entre as anteriores que autorizasen o contido do folleto.

Regulamentariamente, estableceranse as condicións que rexen a responsabilidade das persoas mencionadas neste número.

2. As persoas responsables da información que figura no folleto estarán claramente identificadas no folleto co seu nome e cargo no caso de persoas físicas ou, no caso de persoas xurídicas, coa súa denominación e domicilio social. Así mesmo, deberán declarar que, ao seu entender, os datos do folleto son conformes

coa realidade e non se omite nel ningún feito que pola súa natureza poida alterar o seu alcance.

3. De acordo coas condicións que se determinen regulamentariamente, todas as persoas indicadas nos números anteriores, segundo o caso, serán responsables de todos os danos e perdas que ocasionasen aos titulares dos valores adquiridos como consecuencia das informacións falsas ou as omisións de datos relevantes do folleto ou do documento que, de ser o caso, deba elaborar o garante.

A acción para exixir a responsabilidade prescribirá aos tres anos desde que o reclamante puidese ter coñecemento da falsidade ou das omisións en relación co contido do folleto.

4. Non se poderá exixir ningunha responsabilidade por causas relacionadas exclusivamente coa nota de síntese a que se refire o artigo 7 do Regulamento (UE) n.º 2017/1129 do Parlamento Europeo e do Consello, do 14 de xuño de 2017, ou coa nota de síntese específica do folleto da Unión de crecemento recollida no artigo 15.1 do dito regulamento, incluída a súa tradución, salvo que:

- a) sexa enganosa, inexacta ou incoherente coas demais partes do folleto ou
- b) non conteña, lida conxuntamente co resto do folleto, a información fundamental destinada a axudar aos investidores a decidir se deben investir ou non nos valores.»

Nove. O artigo 39 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 39. *Responsabilidade na aprobación do folleto.*

A CNMV será responsable da aprobación do folleto, nos termos e co alcance previsto no artigo 20.9 do Regulamento (UE) n.º 2017/1129 do Parlamento Europeo e do Consello, do 14 de xuño de 2017.»

Dez. Suprímese o artigo 40, que queda sen contido.

Once. O artigo 42 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 42. *Ámbito de aplicación do sindicato de obrigacionistas.*

O título XI, capítulo IV, do texto refundido da Lei de sociedades de capital, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2010, do 2 de xullo, será de aplicación ás emisións de obrigacións ou outros valores que recoñezan ou creen débeda e que teñan a condición de oferta pública de subscripción suxeitas á obrigaçión de elaborar un folleto conforme o disposto no Regulamento (UE) n.º 2017/1129 do Parlamento Europeo e do Consello, do 14 de xuño de 2017, cando:

- a) Os seus termos e condicións estean rexidos polo ordenamento xurídico español ou polo ordenamento xurídico dun Estado que non sexa membro da Unión Europea nin pertencente á Organización para a Cooperación e Desenvolvemento Económicos, e
- b) teñan lugar en territorio español ou a súa admisión a negociación se produza nun mercado regulado español ou nun sistema multilateral de negociación establecido en España.

Así mesmo, o título XI, capítulo IV, do texto refundido da Lei de sociedades de capital, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2010, do 2 de xullo, resultará de aplicación ás ofertas públicas de obrigacións ou outros valores que recoñezan ou creen débeda que se exceptúen da obrigaçión de publicar un folleto unicamente en virtude do previsto no segundo parágrafo do artigo 34.»

Doce. Os números 1 e 2 do artigo 77 quedan redactados do seguinte modo:

«1. As entidades cuxas accións pasen de ser negociadas nun sistema multilateral de negociación a selo nun mercado regulado, durante un período

transitorio máximo de dous anos, non estarán obrigadas a cumprir coa obrigación de publicación e difusión do segundo informe financeiro semestral, contida no artigo 119.2.

2. Para acollerse á exención prevista no número anterior, o folleto de admisión a negociación no mercado regulado deberá especificar a intención da entidade de acollerse total ou parcialmente a esta, determinando a súa duración. Esta indicación terá a consideración de información necesaria para os efectos do artigo 6 do Regulamento (UE) n.º 2017/1129 do Parlamento Europeo e do Consello, do 14 de xuño de 2017.»

Trece. O artigo 82 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 82. *Exclusión de negociación voluntaria.*

1. A exclusión da negociación dun instrumento financeiro nun mercado regulado poderá tamén ser solicitada pola entidade emisora.

Asimilaranse á exclusión de negociación aquelas operacións societarias en virtude das cales os accionistas da sociedade cotizada poidan converterse, total ou parcialmente, en socios doutra entidade non cotizada.

2. Cando unha sociedade acorde a exclusión de negociación das súas accións nos mercados regulados, deberá promover unha oferta pública de adquisición dirixida a todos os valores afectados pola exclusión.

Exceptúase o caso de que se formulase con carácter previo unha oferta dirixida á totalidade dos valores a un prezo igual ou superior ao exigible nas ofertas recollidas neste número, sempre que a resultas da dita oferta o oferente alcanzase, ao menos, o setenta e cinco por cento do capital con dereito a voto da sociedade afectada.

3. O acordo de exclusión e os relativos á oferta e ao prezo ofrecido deberán ser aprobados pola xunta xeral de accionistas.

Ao tempo da convocatoria dos órganos sociais que deban aprobar a oferta, porase á disposición dos titulares dos valores afectados un informe dos administradores en que se xustifique detalladamente a proposta e o prezo ofrecido.

4. A Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá dispensar da obrigación de formular unha oferta pública de adquisición naqueles supostos en que mediante outro procedemento equivalente se asegure a protección dos lexítimos intereses dos titulares de accións afectadas pola exclusión, así como dos correspondentes aos titulares das obrigacións convertibles e demais valores que dean dereito á súa subscripción.

5. En caso de oferta previa á exclusión de negociación, o límite de adquisición de accións propias establecido no texto refundido da Lei de sociedades de capital, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2010, do 2 de xullo, para as sociedades cotizadas será o 20 por cento do capital social. Se como consecuencia da realización da oferta, as accións propias superan este límite, deberán ser amortizadas ou alleadas no prazo dun ano.

6. Regulamentariamente, estableceranse as condicións para a fixación do prezo e demais requisitos das ofertas públicas previstas neste artigo.»

Catorce. Suprímese o artigo 120.

Quince. Modifícase o número 2 do artigo 122 nos seguintes termos:

«2. A información periódica a que se refiren os artigos 118 a 119 anteriores deberá remitirse á Comisión Nacional do Mercado de Valores, cando España sexa Estado membro de orixe nos termos que se establezan regulamentariamente, para a súa incorporación ao rexistro oficial regulado no artigo 238.»

Dezaseis. Suprímese o número 5 do artigo 125.

Dezasete. Engádesse un número 3 ao artigo 131:

«3. Se, como consecuencia exclusivamente da variación no número total de dereitos de voto da sociedade derivada da existencia de accións con voto de lealdade, conforme os artigos 527 ter e seguintes do texto refundido da Lei de sociedades de capital, calquera accionista chega a alcanzar, directa ou indirectamente, un número de dereitos de voto igual ou superior ao 30 por cento, o dito accionista non poderá exercer os dereitos políticos que excedan a devandita porcentaxe sen formular unha oferta pública de adquisición dirixida á totalidade do capital social.

A oferta formularase dentro dos 3 meses seguintes á data en que se superase o limiar do 30 por cento e seranlle de aplicación as regras relativas á determinación do prezo equitativo.

Non obstante, non será obrigatoria a formulación da oferta cando, dentro dos 3 meses seguintes á data en que se superase o limiar do 30 por cento dos dereitos de voto, sexa alleado, polo obrigado a formular a oferta, o número de accións necesario para reducir o exceso de dereitos de voto sobre as porcentaxes sinaladas ou se renuncie aos dereitos de voto por lealdade que excedan a porcentaxe do 30 por cento dos dereitos de voto da sociedade, sempre que, entre tanto, non se exerzan os dereitos políticos que excedan a dita porcentaxe, ou se obteña unha dispensa da Comisión Nacional do Mercado de Valores.»

Dezaioito. Introdúcese un novo capítulo X denominado «Asesores de voto» no título IV, que comprenderá os novos artigos 137 bis a 137 quinquies, co seguinte contido:

#### «CAPÍTULO X

##### Asesores de voto

Artigo 137 bis. *Asesores de voto.*

1. Este capítulo será de aplicación aos asesores de voto que presten os seus servizos en relación con sociedades cotizadas que teñan o seu domicilio social nun Estado membro da Unión Europea e cuxas accións estean admitidas a negociación nun mercado regulado ou nun sistema multilateral de negociación que estean situados ou operen nun Estado membro da Unión Europea, sempre e cando o asesor de voto:

- a) teña o seu domicilio social en España,
- b) non teña o seu domicilio social nun Estado membro da Unión Europea, pero teña o seu establecemento principal en España, ou
- c) non teña nin o seu domicilio social nin o seu establecemento principal nun Estado membro da Unión Europea, pero teña un establecemento en España.

2. Para efectos do previsto neste capítulo, entenderase por asesor de voto aquela persoa xurídica que analiza, con carácter profesional e comercial, a información que as sociedades cotizadas están legalmente obrigadas a publicar e, se for o caso, outro tipo de información, para asesorar os investidores no exercicio dos seus dereitos de voto mediante análise, asesoramento ou recomendacións de voto.

3. Aquelas entidades que cumpran os requisitos establecidos nos dous números anteriores deberán comunicalo á Comisión Nacional do Mercado de Valores.

Artigo 137 ter. *Código de conduta.*

1. Os asesores de voto deberán publicar a referencia do código de conduta que apliquen, incluírán, se for o caso, o código deontolóxico correspondente da profesión, e informarán sobre a forma en que o fixeron.

Cando os asesores de voto non apliquen ningún código de conduta, explicarán o motivo de maneira clara e razoada. Así mesmo, cando os asesores de voto apliquen un código de conduta pero se aparten dalgunha das súas recomendacións, informarán publicamente sobre as recomendacións que non estean seguindo, os motivos para isto e as medidas alternativas adoptadas.

2. A información a que se refire o presente número farase pública de forma gratuíta nas páxinas web dos asesores de voto e será actualizada anualmente.

Artigo 137 quáter. *Informe anual.*

1. Os asesores de voto publicarán anualmente un informe coa finalidade de que os seus clientes estean debidamente informados acerca da exactitude e fiabilidade das súas actividades, que conterá, ao menos, a seguinte información relacionada coas súas investigacións, o seu asesoramento e as recomendacións de voto que emitan:

- a) as características importantes dos métodos e os modelos aplicados,
- b) as principais fontes de información utilizadas,
- c) os procedementos implantados para garantir a calidade das investigacións, asesoramentos e recomendacións de voto e a cualificación do persoal destinado a esas funcións,
- d) o grao e forma de consideración das condicións do contorno de mercado, xurídico, económico-empresarial, regulatorio e as condicións específicas da sociedade cotizada en cuestión,
- e) as características importantes das políticas de voto que aplican a cada mercado,
- f) o grao e a forma en que manteñen canles de comunicación coas sociedades que son obxecto das súas investigacións, asesoramentos ou recomendacións de voto e con outras partes interesadas na sociedade, e
- g) a política relativa á prevención e á xestión de conflitos de interese potenciais,
- h) as limitacións ou condicións que deben ser consideradas nas recomendacións emitidas.

2. Os asesores de voto porán á disposición do público a información a que se refire o presente artigo nas súas páxinas web, onde permanecerá dispoñible de forma gratuíta durante un período mínimo de tres anos a partir da data da súa publicación.

Artigo 137 quinquies. *Conflitos de interese.*

Os asesores de voto determinarán e comunicarán sen demora aos seus clientes calquera conflito de interese real ou potencial ou calquera relacións de negocio que poida influír na elaboración das súas investigacións, asesoramentos ou recomendacións de voto e as medidas adoptadas para eliminar, mitigar ou xestionar os conflitos de interese reais ou potenciais.»

Dezanove. Introdúcese unha nova sección 9.<sup>a</sup> no capítulo I do título VII:

«Sección 9.<sup>a</sup> Política de implicación

Artigo 224 bis. *Política de implicación das empresas de servizos de investimento.*

1. As empresas de servizos de investimento e entidades de crédito que presten o servizo de xestión discrecional e individualizada de carteiras desenvolverán e

porán en coñecemento do público unha política de implicación que describa como integran a súa implicación como accionistas ou xestores dos accionistas na súa política de investimento. Esta política describirá a forma en que levan a cabo o seguimento das sociedades admitidas a negociación nun mercado regulado que estea situado ou opere nun Estado membro en que invisten no referente, entre outras cuestións, á estratexia, ao rendemento financeiro e non financeiro e aos riscos, á estrutura do capital, ao impacto social e ambiental e ao goberno corporativo. Esta política tamén describirá os mecanismos para desenvolver un diálogo coas sociedades admitidas a negociación nun mercado regulado que estea situado ou opere nun Estado membro en que invisten, exercen os dereitos de voto e outros dereitos asociados ás accións, cooperan con outros accionistas, se comunican con grupos de interese importantes das sociedades en que invisten e xestionan conflitos de interese reais e potenciais en relación coa súa implicación.

2. As entidades comprendidas no número anterior farán pública con carácter anual a aplicación da súa política de implicación, incluídas unha descrición xeral do seu comportamento en relación cos seus dereitos de voto, unha explicación das votacións máis importantes e, se for o caso, do recurso aos servizos de asesores de voto.

3. As entidades comprendidas no número 1 publicarán o sentido do seu voto nas xuntas xerais das sociedades das cales posúen accións. A dita publicación poderá excluír os votos que son insignificantes debido ao obxecto da votación ou á dimensión da participación na sociedade.

4. A información mencionada nos números 1, 2 e 3 estará dispoñible publicamente, e de forma gratuíta, no sitio web das entidades comprendidas no número 1.

5. As obrigacións relativas aos conflitos de interese recollidas no artigo 208 bis serán, así mesmo, aplicables ás actividades de implicación.

6. En caso de que as entidades comprendidas no número 1 decidan non cumprir con un ou con máis dos requisitos recollidos nos números anteriores, deberase publicar unha explicación clara e motivada sobre as razóns para isto.»

Vinte. Introdúcese un novo parágrafo 9.º no artigo 233.1.a) co seguinte contido:

«9.º Os asesores de voto.»

Vinte e un. Modifícase a letra t) do número 2 do artigo 234 nos seguintes termos:

«t) No exercicio da función de comprobación da información periódica a que se refire o artigo 122.2, a CNMV poderá:

1.º Solicitar dos auditores de contas dos emisores cuxos valores estean admitidos a negociación en calquera mercado regulado domiciliado na Unión Europea, mediante requirimento escrito, cantas informacións ou documentos sexan necesarios, de conformidade co establecido na Lei 22/2015, do 20 de xullo.

A revelación polos auditores de contas das informacións requiridas pola CNMV conforme o disposto neste artigo non constituirá incumprimento do deber de segredo.

2.º Exixir aos emisores cuxos valores estean admitidos a negociación en calquera mercado regulado domiciliado na Unión Europea a publicación de informacións adicionais, incluídas informacións de carácter trimestral, conciliacións, correccións ou, se for o caso, reformulacións da información periódica.»

Vinte e dous. Engádese un novo número 15 ao artigo 234 coa seguinte redacción:

«15. A CNMV terá o carácter de autoridade competente para a aplicación do Regulamento (UE) n.º 1129/2017 do Parlamento Europeo e do Consello, do 14 de



xuño de 2017. Para tal fin, e sen prexuízo do previsto nos números anteriores, poderá exercer todas e cada unha das facultades que o citado regulamento recoñece ás autoridades competentes, entre outras, as especificamente sinaladas no artigo 32.1 por calquera dos modos sinalados no artigo 32.2 do dito regulamento.»

Vinte e tres. O número 4 do artigo 271 queda redactado do seguinte modo:

«4. Considéranse normas de ordenación e disciplina do mercado de valores as leis e disposicións de carácter xeral que conteñan preceptos especificamente referidos ás entidades comprendidas no artigo 233.1.a) e b) ou á actividade relacionada co mercado de valores das persoas ou entidades a que se refire o artigo 233.1.b) e c) e que sexan de obrigada observancia para elas. Entre as citadas disposicións entenderanse comprendidas as aprobadas por órganos do Estado, das comunidades autónomas que teñan atribuídas competencias na materia, os regulamentos da Unión Europea e demais normas aprobadas polas institucións da Unión Europea que resulten de aplicación directa, así como as circulares aprobadas pola Comisión Nacional do Mercado de Valores previstas no artigo 21.

En particular, consideraranse normas de ordenación e disciplina do mercado de valores:

a) O Regulamento (UE) n.º 1031/2010 da Comisión, do 12 de novembro de 2010.

b) O Regulamento (UE) n.º 236/2012 do Parlamento Europeo e do Consello, do 14 de marzo de 2012.

c) O Regulamento (UE) n.º 648/2012 do Parlamento Europeo e do Consello, do 4 de xullo de 2012.

d) O Regulamento (UE) n.º 575/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de xuño de 2013.

e) O Regulamento (UE) n.º 596/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de abril de 2014.

f) O Regulamento (UE) n.º 600/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de maio de 2014.

g) O Regulamento (UE) n.º 909/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de xullo de 2014.

h) O Regulamento (UE) n.º 1286/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de novembro de 2014.

i) O Regulamento (UE) n.º 2365/2015 do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de novembro de 2015.

j) O Regulamento (UE) n.º 2016/1011 do Parlamento Europeo e do Consello, do 8 de xuño de 2016.

k) O Regulamento (UE) n.º 2017/1129 do Parlamento Europeo e do Consello, do 14 de xuño de 2017.

l) Os regulamentos delegados ou de execución que adopte a Comisión Europea en desenvolvemento ou execución das normas europeas de ordenación e disciplina do mercado de valores.»

Vinte e catro. O número 1 do artigo 276 bis queda redactado do seguinte modo:

«1. Toda persoa que teña coñecemento ou sospeita fundada da comisión de posibles infraccións ou infraccións reais previstas na presente lei; na Lei 35/2003, do 4 de novembro, de institucións de investimento colectivo; no Regulamento (UE) n.º 575/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de xuño de 2013, no que respecta ás empresas de servizos de investimento; no Regulamento (UE) n.º 596/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de abril de 2014; no Regulamento (UE) n.º 600/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de maio de 2014; no Regulamento (UE) n.º 1286/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de novembro de 2014, e no Regulamento (UE) n.º 2017/1129 do

Parlamento Europeo e do Consello, do 14 de xuño de 2017, poderá comunicala á Comisión Nacional do Mercado de Valores na forma e coas garantías establecidas neste artigo.»

Vinte e cinco. Engádesse un novo número 7 e o número 2 do artigo 279 queda redactado do seguinte modo:

«2. A realización de ofertas públicas de venda ou subscripción ou a admisión a negociación sen cumprir os requisitos dos artigos 33.2, 36.1, 76 ou 77, a colocación da emisión sen aterse ás condicións básicas establecidas no folleto, en caso de que deba elaborarse o dito documento conforme o disposto no Regulamento (UE) n.º 2017/1129, do 14 de xuño de 2017, ou a omisión de datos relevantes ou a inclusión de inexactitudes, falsidades ou datos que induzan a engano no dito documento, cando, en todos estes supostos, a contía da oferta ou da admisión, ou o número de investidores afectados, sexan significativos.»

«7. O incumprimento das obrigacións establecidas nos seguintes artigos do Regulamento (UE) n.º 2017/1129 do Parlamento Europeo e do Consello, do 14 de xuño de 2017, cando se puxese en grave risco o correcto funcionamento do mercado primario de valores:

- a) artigos 3, 5 e 6, sobre a obrigación de publicar un folleto, a obrigación de publicar un folleto en caso de revenda ulterior de valores e sobre a información que debe conter o folleto,
- b) artigo 7, números 1 a 11, sobre a obrigación, contido e composición da nota de síntese do folleto,
- c) artigo 8, sobre a información que debe conter o folleto de base,
- d) artigo 9, sobre as obrigacións relativas ao documento de rexistro universal,
- e) artigo 10, sobre as obrigacións do emisor cando o folleto consiste en documentos separados,
- f) artigo 11, números 1 e 3, sobre as responsabilidades inherentes ao folleto,
- g) artigo 14, números 1 e 2, sobre as obrigacións en réxime simplificado de divulgación de información para as emisións secundarias,
- h) artigo 15.1, sobre as obrigacións relativas ao folleto da Unión de crecemento,
- i) artigo 16 números 1, 2 e 3, sobre as obrigacións de descrición dos factores de risco descritos no folleto,
- j) artigo 17, sobre as obrigacións relativas ao prezo definitivo da oferta e a cantidade de valores ofertados,
- k) artigo 18, sobre as obrigacións en caso de omisión de información no folleto,
- l) artigo 19, números 1 a 3, sobre as condicións para a incorporación de información por referencia no folleto,
- m) artigo 20.1, sobre a obrigación de aprobación do folleto,
- n) artigo 21, números 1 a 4 e 7 a 11, sobre a publicación do folleto,
- ñ) artigo 22, números 2 a 5, sobre as obrigacións respecto á publicidade relativa á oferta de valores ou admisión a negociación,
- o) artigo 23, números 1, 2, 3 e 5 sobre o suplemento do folleto,
- p) artigo 27, sobre o réxime lingüístico.
- q) a falta de cooperación ou o desacato cunha investigación ou unha inspección ou unha solicitude conforme o artigo 32 sobre as facultades das autoridades competentes.»

Vinte e seis. Introdúcese un novo número 22 no artigo 282 co seguinte contido:

«22. O incumprimento non ocasional ou illado por parte dos asesores de voto da obrigación de publicar de forma gratuíta na súa páxina web as informacións a que se refiren os artigos 137 ter e 137 quáter, ou de determinar e comunicar sen demora aos seus clientes calquera conflito de intereses real ou potencial ou calquera relación de negocio que poidan influír na elaboración das súas investigacións,

asesoramentos ou recomendacións de voto e as medidas adoptadas para eliminar, mitigar ou xestionar os conflitos de interese reais ou potenciais.»

Vinte e sete. Engádesse un novo número 7 (renúméranse os números posteriores do dito artigo, actuais 7 a 11, que pasarían a ser 8 a 12) e os números 5 e 6 do artigo 292 quedan redactados do seguinte modo:

«5. A realización de ofertas públicas de venda ou subscripción ou a admisión a negociación sen cumprir os requisitos dos artigos 33.2, 36.1, 76 ou 77, a colocación da emisión sen aterse ás condicións básicas establecidas no folleto, en caso de que deba elaborarse o dito documento conforme o disposto no Regulamento (UE) n.º 2017/1129, do 14 de xuño de 2017, ou a omisión de datos relevantes ou a inclusión de inexactitudes, falsidades ou datos que induzan a engano no dito documento, cando, en todos estes supostos, non se considere infracción moi grave.

6. A colocación de emisións a que se refire o artigo 35 sen cumprir o requisito de intervención de entidade autorizada previsto no dito precepto, sen aterse ás condicións básicas publicitadas ou a omisión de datos relevantes ou a inclusión de inexactitudes, falsidades ou datos que induzan a engano na citada actividade publicitaria, cando, en todos estes supostos, a contía da emisión ou o número de investidores afectados non sexan significativos.

7. O incumprimento das obrigacións establecidas nos seguintes artigos do Regulamento (UE) n.º 2017/1129, do 14 de xuño de 2017, cando, en todos estes supostos, non se considere infracción moi grave:

a) artigo 3, 5 e 6, sobre a obrigación de publicar un folleto, a obrigación de publicar un folleto en caso de revenda ulterior de valores e sobre a información que debe conter o folleto;

b) artigo 7, números 1 a 11, sobre a obrigación, contido e composición da nota de síntese do folleto;

c) artigo 8, sobre a información que debe conter o folleto de base;

d) artigo 9, sobre as obrigacións relativas ao documento de rexistro universal;

e) artigo 10, sobre as obrigacións do emisor cando o folleto consiste en documentos separados;

f) artigo 11, números 1 e 3, sobre as responsabilidades inherentes ao folleto;

g) artigo 14, números 1 e 2, sobre as obrigacións en réxime simplificado de divulgación de información para as emisións secundarias;

h) artigo 15.1, sobre as obrigacións relativas ao folleto da Unión de crecemento;

i) artigo 16, números 1, 2 e 3, sobre as obrigacións de descrición dos factores de risco descritos no folleto;

j) artigo 17, sobre as obrigacións relativas ao prezo definitivo da oferta e a cantidade de valores;

k) artigo 18, sobre as obrigacións en caso de omisión de información no folleto;

l) artigo 19, números 1 a 3, sobre as condicións para a incorporación de información por referencia no folleto;

m) artigo 20, número 1, sobre a obrigación de aprobación do folleto;

n) artigo 21, números 1 a 4 e 7 a 11, sobre a publicación do folleto;

ñ) artigo 22, números 2 a 5, sobre as obrigacións respecto á publicidade relativa á oferta de valores ou admisión a negociación;

o) artigo 23, números 1, 2, 3 e 5, sobre o suplemento do folleto;

p) artigo 27, sobre o réxime lingüístico.

q) a falta de cooperación ou o desacato cunha investigación ou unha inspección ou unha solicitude conforme o artigo 32 sobre as facultades das autoridades competentes.»

Vinte e oito. Introdúcese un novo número 23 no artigo 295 co seguinte contido:

«23. O incumprimento ocasional ou illado por parte dos asesores de voto da obrigaón de publicar de forma gratuíta na súa páxina web as informacións a que se refiren os artigos 137 ter e 137 quater, ou de determinar e comunicar sen demora aos seus clientes calquera conflito de intereses real ou potencial ou calquera relación de negocio que poidan influír na elaboración das súas investigacións, asesoramentos ou recomendacións de voto e as medidas adoptadas para eliminar, mitigar ou xestionar os conflitos de interese reais ou potenciais, de conformidade co artigo 137 quinquies.»

Vinte e nove. O artigo 296.1 queda redactado do seguinte modo:

«1. A falta de elaboración ou de publicación do informe anual de goberno corporativo ou do informe anual sobre remuneracións dos conselleiros a que se refiren, respectivamente, os artigos 540 e 541 do texto refundido da Lei de sociedades de capital, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2010, do 2 de xullo, e a disposición adicional sétima desta lei, ou a existencia nos ditos informes de omisións ou datos falsos ou enganosos; o incumprimento das obrigaóns establecidas nos artigos 497, 497 bis, 512, 513, 514, 515, 516, 517, 520 bis, 520 ter, 522 bis, 524 bis, 524 ter, 525.2, 526, 527.bis.2, 527 septies, 528, 529, 529 unvicies, 530, 531, 532, 533, 534, 538 e 539, da dita lei; careceren as entidades emisoras de valores admitidos a negociación en mercados secundarios oficiais dunha comisión de auditoría e dunha comisión de nomeamentos e retribucións nos termos establecidos nos artigos 529 quaterdecies e 529 quindecies da referida lei ou o incumprimento das regras de composición e de atribución de funcións das ditas comisións de auditoría das entidades de interese público recollidas no citado artigo 529 quaterdecies.»

Trinta. Engádesse un novo número 22 ao artigo 302 coa seguinte redacción:

«22. No caso de incumprimentos das obrigaóns ou prohibicións previstas no Regulamento (UE) n.º 2017/1129 do Parlamento Europeo e do Consello, do 14 de xuño de 2017, que constitúan infracción moi grave, a multa que se imporá será até a maior das seguintes cantidades:

a) o triplo dos beneficios obtidos ou das perdas evitadas como resultado da infracción, en caso de que poidan determinarse;

b) no caso dunha persoa xurídica, 7.000.000 de euros, ou o 5 por cento do seu volume de negocios total durante o exercicio precedente, de acordo cos últimos estados financeiros dispoñibles aprobados polo órgano de dirección.

Cando a persoa xurídica sexa unha empresa matriz ou unha filial dunha empresa matriz que deba elaborar contas consolidadas de conformidade co Código de comercio, o volume de negocios total anual pertinente será o volume de negocios total anual, ou o tipo de ingresos correspondentes, conforme a lexislación pertinente da Unión en materia de contabilidade, de acordo coas contas consolidadas dispoñibles máis recentes aprobadas polo órgano de dirección da empresa matriz última;

c) no caso dunha persoa física, 1.000.000 euros.»

Trinta e un. Engádesse un novo número 17 ao artigo 303 coa seguinte redacción:

«17. No caso de incumprimentos das obrigaóns ou prohibicións previstas no Regulamento (UE) n.º 2017/1129 do Parlamento Europeo e do Consello, do 14 de xuño de 2017, que constitúan infracción grave, a multa que se imporá será até a maior das seguintes cantidades:

a) o dobre dos beneficios obtidos ou das perdas evitadas como resultado da infracción, en caso de que poidan determinarse;

b) no caso dunha persoa xurídica, 5.000.000 de euros, ou o 3 por cento do seu volume de negocios total durante o exercicio precedente, de acordo cos últimos estados financeiros dispoñibles aprobados polo órgano de dirección.

Cando a persoa xurídica sexa unha empresa matriz ou unha filial dunha empresa matriz que deba elaborar contas consolidadas de conformidade co Código de comercio, o volume de negocios total anual pertinente será o volume de negocios total anual, ou o tipo de ingresos correspondentes, conforme a lexislación pertinente da Unión en materia de contabilidade, de acordo coas contas consolidadas dispoñibles máis recentes aprobadas polo órgano de dirección da empresa matriz última.

c) No caso dunha persoa física, 700.000 euros.»

Trinta e dous. Engádesse un novo número 4 ao artigo 310 coa seguinte redacción:

«4. Sen prexuízo do previsto nos números anteriores, as sancións aplicables pola comisión de infraccións de obrigacións ou prohibicións previstas no Regulamento (UE) n.º 2017/1129 do Parlamento Europeo e do Consello, do 14 de xuño de 2017, determinaranse polos criterios recollidos no artigo 39 do dito regulamento.»

Trinta e tres. A disposición adicional sétima queda redactada do seguinte modo:

«Disposición adicional sétima. *Informe anual de goberno corporativo en entidades emisoras distintas das sociedades anónimas cotizadas.*

O previsto no artigo 540 do texto refundido da Lei de sociedades de capital, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2010, do 2 de xullo, non será de aplicación ás entidades distintas das sociedades anónimas cotizadas que emitan valores que se negocien en mercados regulados que estean domiciliados ou operen nun Estado membro. Será suficiente con que estas entidades inclúan no informe de xestión unha referencia, se for o caso, ao código de bo goberno que a entidade siga, con indicación das recomendacións del que non se sigan e unha descrición das principais características dos sistemas internos de control e xestión de riscos en relación co proceso de emisión de información.»

**Disposición adicional primeira.** *Información á Comisión Europea por parte da Comisión Nacional do Mercado de Valores.*

A Comisión Nacional do Mercado de Valores informará a Comisión Europea de dificultades prácticas considerables na aplicación dos artigos 497, 497 bis, 520 bis, 520 ter, 522 bis, 524, 524 bis e 527 bis do texto refundido da Lei de sociedades de capital e do incumprimento destes artigos por parte das entidades intermediarias da Unión Europea ou de terceiros países.

**Disposición adicional segunda.** *Prazo de adaptación ás obrigacións establecidas nos artigos 47 ter e quáter da Lei 35/2003, do 4 de novembro, de institucións de investimento colectivo.*

1. Para a adaptación ás novas obrigacións establecidas no número 1 do artigo 47 ter e no artigo 47 quáter da Lei 35/2003, do 4 de novembro, de institucións de investimento colectivo, dispórase dun prazo de tres meses desde a entrada en vigor desta lei.

2. A primeira publicación da información contida nos números 2 e 3 do artigo 47 ter será a referida ao primeiro exercicio completo a partir da entrada en vigor desta lei a que fose de aplicación a política de implicación definida de acordo co número 1 do dito artigo.

**Disposición transitoria primeira.** *Réxime transitorio.*

1. As modificacións introducidas por esta lei no artigo 529 novodecies do texto refundido da Lei de sociedades de capital, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2010, do 2 de xullo, entrarán en vigor transcorridos seis meses desde a súa publicación no «Boletín Oficial del Estado». As sociedades deberán someter a aprobación a política de remuneracións adaptada ás ditas modificacións na primeira xunta xeral que se celebre con posterioridade a esa data.

2. As modificacións introducidas por esta lei no artigo 541 do texto refundido da Lei de sociedades de capital, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2010, do 2 de xullo, entrarán en vigor para os informes anuais de remuneracións dos conselleiros correspondentes aos exercicios pechados a partir do 1 de decembro de 2020.

3. As obrigacións establecidas no novo capítulo VII bis do título XIV do texto refundido da Lei de sociedades de capital, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2010, do 2 de xullo, non resultarán de aplicación até transcorridos dous meses da entrada en vigor desta lei.

4. A exixencia de que os conselleiros de sociedades cotizadas sexan persoas físicas, prevista na modificación que realiza a presente lei no artigo 529 bis do texto refundido da Lei de sociedades de capital, só será aplicable aos nomeamentos, incluídas renovacións, que se produzan a partir do mes seguinte á súa publicación no «Boletín Oficial del Estado». Mentres subsistan conselleiros persoas xurídicas, será de aplicación ás persoas físicas que os representen o disposto no artigo 529 decies, número 7, suprimido en virtude do número vinte e tres do artigo terceiro desta lei.

**Disposición transitoria segunda.** *Entrada en vigor das obrigacións de información sobre o fomento da implicación dos traballadores na empresa.*

As obrigacións de información establecidas no artigo segundo desta lei, mediante a modificación do artigo 49, número 6. II Información sobre cuestións sociais e relativas ao persoal do Código de comercio, entrarán en vigor transcorridos doce meses desde a súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

**Disposición derradeira primeira.** *Modificación da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria:*

Engádese unha letra d) ao número 1 do artigo 93 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria:

«d) As persoas e entidades que, por aplicación da normativa vixente, coñezan ou estean en disposición de coñecer a identificación dos beneficiarios últimos das accións deberán cumprir ante a Administración tributaria cos requirimentos ou obrigacións de información que regulamentariamente se establezan respecto á dita identificación.»

**Disposición derradeira segunda.** *Incorporación de dereito da Unión Europea.*

Mediante esta lei incorpórase parcialmente ao dereito español a Directiva (UE) 2017/828 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de maio de 2017, pola que se modifica a Directiva 2007/36/CE no que respecta ao fomento da implicación a longo prazo dos accionistas.

**Disposición derradeira terceira.** *Título competencial.*

Esta lei dítase de conformidade co previsto no artigo 149.1.6.<sup>a</sup>, 11.<sup>a</sup> e 13.<sup>a</sup> da Constitución española, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre lexislación mercantil, bases da ordenación de crédito, banca e seguros, e bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica, respectivamente.



**Disposición derradeira cuarta.** *Habilitación normativa.*

Autorízase o Goberno para que dite as normas necesarias para o desenvolvemento do disposto nesta lei.

**Disposición derradeira quinta.** *Entrada en vigor.*

A presente lei entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,  
Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 12 de abril de 2021.

FELIPE R.

O presidente do Goberno,  
PEDRO SÁNCHEZ PÉREZ-CASTEJÓN